



ANEXOS



A.1.- Terminoloxía



Lei 6/1993, do 11 de maio, de Pesca de Galicia.

Recurso mariño: calquera especie, animal ou vexetal, que habite total ou parcialmente no mar, susceptible de explotación comercial ou recreativa.

Peixe: calquera animal vertebrado mariño, a excepción dos mamíferos, das aves e dos réptiles.

Marisco: calquera animal invertebrado mariño susceptible de comercialización para o consumo.

Pesca: a actividade de extraer, con fins comerciais ou non, calquera animal mariño, non mamífero, mediante calquera tipo de medio.

Marisqueo: modalidade específica de pesca consistente na actividade extractiva dirixida á captura de animais invertebrados mariños susceptibles de comercialización para o consumo.

Banco natural: lugar ou zona xeográfica onde de forma natural e espontánea se concentran especialmente unha ou varias poboacións, podendo estar os seus individuos en calquera das súas fases de desenvolvemento, e que poidan ser susceptibles de explotación.

Biomasa: o peso total dunha unidade de poboación de seres vivos ou dunha parte definida dela.

Poboación: conxunto de individuos dunha mesma especie que teñan un certo grao de intercambio de material xenético nun ámbito xeográfico definido.

Stock ou unidade de poboación: a parte dunha poboación dunha especie mariña que por motivos biolóxicos poida ser ou sexa considerada como unha unidade de xestión, desde o punto de vista da súa utilización real ou potencial.

Mortalidade natural: é o número de mor-

tes que se producen nas unidades de poboación, por calquera causa, exceptuando as debidas única e exclusivamente á explotación da mesma polo home mediante a pesca.

Esfuerzo pesqueiro: calquera medida que indique simultaneamente o grao de actividade pesqueira e o seu efecto nas unidades de poboación en consideración. As ditas medidas poderán combinar datos tales como número de días de pesca, días de caladoiro, tipos de arte, dimensións delas, características das embarcacións ou calquera outra circunstancia ou característica que inflúa na efectividade da explotación pesqueira.

Esfuerzo pesqueiro real: calquera medida de esforzo pesqueiro que se considere, non polos factores directamente causantes do devandito esforzo, senón polos efectos que estes produzan nas unidades de poboación e que poidan ser medidos sen facer referencia á configuración das artes de pesca, á súa forma de utilización ou a outros factores definidos anteriormente como esforzo pesqueiro.

Captura por unidade de esforzo: a cantidade de pesca expresada en número ou peso realizada por unha unidade de esforzo pesqueiro en calquera das súas acepcións.

Rendemento pesqueiro ou rendemento: denomínase así a cantidade de pesca obtida nun período determinado de tempo dunha unidade de poboación ou dun conxunto delas.

Rendemento de equilibrio: denomínase así o rendemento medio obtido dunha unidade de poboación ou dun conxunto delas, cando esta ou estas están en equilibrio cun esforzo pesqueiro real dunha determinada magnitude e a biomasa media da poboación non cambia de ano en ano.

Rendemento máximo sostible: o rendemento de equilibrio maior que se poida obter dun *stock* para unhas determinadas condicións ambientais e de pesca e que se corresponda cun determinado nivel de esforzo pesqueiro real.

Subpesca: estado no que está unha pesquería ou unidade de poboación cando o esforzo de pesca real exercido sobre ela é inferior a aquel que produce o rendemento máximo sostible. Os rendementos de equilibrio existentes son polo tanto inferiores a aquel pero pódense aproximar a el mediante un incremento do esforzo de pesca real.

Sobrepesca: estado no que está unha pesquería ou unidade de poboación cando o esforzo de pesca real exercido sobre ela é superior a aquel que produce o rendemento máximo sostible. Nesa circunstancia, polo tanto, os rendementos de equilibrio son inferiores a aquel, e todo incremento do esforzo de pesca real diminuírá aínda máis o rendemento da pesquería.

Días de pesca ou de campaña: son aqueles días nos que, independentemente do tempo, se utilicen as artes de pesca ou marisqueo co fin de levar a cabo as actividades extractivas correspondentes.

Captura total permisible: captura total autorizada a extraer dunha unidade de poboación e zona específica, por un tempo dado.

Cota: captura máxima permitida ó titular dun permiso de explotación (persoa ou embarcación) dunha especie ou especies mariñas determinadas nunha zona ou banco en particular e por un período determinado de tempo.

Especie autóctona: especie mariña orixinaria das augas de Galicia, segundo o acervo científico e cultural, ou que sendo introducida polo home tempo atrás, voluntaria ou involuntariamente, se adaptase sen consecuencias negativas ó equilibrio ecolóxico mariño da Comunidade Autónoma.

Especie alóctona: especie mariña orixinaria dunha zona diferente ás augas de Galicia, segundo o acervo científico e cultural, e que non estea adaptada, desde tempo atrás, ó equilibrio ecolóxico mariño da Comunidade Autónoma.

Lonxa: centro de contratación e comercialización en primeira venda das especies mariñas.

Censo de buques de pesca marítima: O acceso ós recursos pesqueiros está limitado ós buques incluídos neste censo, que son. Por outra banda, os únicos que poden ser autorizados a exercer-la pesca ou as faenas auxiliares da mesma.

Licencia: Todo buque autorizado para exercer-la pesca debe levar a bordo unha licenza de pesca que recolle os datos relativos ó seu titular, características técnicas do buque, zona de pesca ou caladoiro, modalidade de pesca e período de vixencia da licenza. Cando as características específicas de cada pesquería aconsellen medidas adicionais de conservación, o exercicio da actividade pesqueira está condicionado á expedición

A.1.1.

Clasificación das artes de pesca

Modalidade de pesca	Forma de actuación	Tipo de arte
Redes de arrastre	Activas	Arrastre de fondo Arrastre de gran abertura vertical
Redes de cerco	Activas	De litoral De altura (atuneiros conxeladores)
Redes de enmalle	Pasivas	De fondo De deriva
Palangres	Activas	Semipeláxicos De fondo Superficie calado Superficie derivante
Trampas	Pasivas/Activas	Nasas Almadrabas

dun Permiso especial de pesca que contén os datos da licencia e ademais as especies autorizadas. Por outra banda tódolos buques que faenen fora das augas de soberanía ou xurisdicción española, deben utilizar un Permiso temporal de pesca.

Vedas: Prohibicións ó exercicio da actividade pesqueira ou á captura de determinadas especies, que se establecen en determinadas zonas ou períodos.

POPs (Programas Plurianuais de Orientación da Flota): Mecanismo da política comunitaria, regulador e controlador da flota, co obxecto de adecua-la flota ós recursos dispoñibles.

Clasificación das artes de pesca

Distingúense, como recolle o **cadro A.1.1.**, diferentes tipos de artes de pesca agrupadas en diferentes modalidades de pesca:

A.- Pasivas: Son aquelas deseñadas para enmalla-lo peixe, o peixe queda trabado na malla, polo que esta deberá posuír unha luz o suficientemente ampla que permita que o peixe introduza a cabeza, prendéndose polas agallas, aletas, cabeza...

Artes de rede de enmalle e enredo: Conxunto de artes que teñen en común que as presas captúranse ó quedar enredadas ou enmalladas na redes que as forman. Cálanse verticalmente, tanto en fondo coma en superficie, formando unha parede máis ou menos visible na que as presas se enmallan. Estas artes divídense en

artes de enmalle de fondo e artes de enmalle de superficie ou de deriva.

B.- Activas: A súa forma de traballo consiste en cerca-lo peixe sen que se enmalle nela, xa sexa polo arrastre das mesmas ou ben porque forman recintos nos que os peixes non poden encontrala saída.

1º.- Arrastre de fondo: Está dirixida a aquelas especies que se atopan no medio bentónico (no fondo) ou demersales (sobre o fondo ou con gran dependencia do mesmo) e que non realizan grandes migracións.

2º.- Cerco: Destinada á captura de especies peláxicas (aquelas que desenvolven a maior parte da súa vida a media auga). A pesca é selectiva xa que primeiro localízase o cardume de peixes, momento no que o barco realiza unha manobra cercando ó banco de peixes, de forma que quede dentro da arte.

• Conceptos utilizados na análise input-output

Pesca de baixura: Conxunto de unidades de produción coas seguintes características: Un só barco, un máximo de 3 tripulantes, autonomía para faenar dentro dos límites das rías e captura de especies propias das rías para venda só en fresco, ao día, especies da alta calidade e con predominancia para o mercado local.

Pesca de litoral: Conxunto de unidades de produción constituídas polos seguintes elementos: un só barco, un máximo de 9 tripulantes, autonomía de faena para o litoral e maioritariamente

especializados na captura de sardiña e xurelo.

Pesca de altura: Conxunto de unidades de produción constituídas por pequenas empresas pesqueiras de composición máis diversificada, inclúense neste subsector tanto unidades de produción con varios barcos totalizando vinte tripulantes en conxunto e dedicados á pesca de litoral, Gran Sol, Golfo de Biscaia, Banco Canario-Sahariano, Mauritania..., ou unidades de produción dun só buque, cerqueiros de grande capacidade, especializados na sardiña e xurelo, pero con grande autonomía. Neste segmento están incluídas tamén a maior parte das compañías especializadas en pescado fresco para transformación: bonito e peixe espada.

Pesca de grande altura: Representa o que en análise económica-pesqueira se denomina pesca industrial, e comprende o conxunto de unidades de produción de predominancia no conxelado e aquelas que se poden denominar multinacionais pesqueiras galegas: base física e económica galega, capital galego, inputs galegos e mercado de referencia galego.

Marisqueo: É tratado como un subsector propio de actividade económica pesqueira por dúas razóns fundamentais: o produto e a técnica son singulares, polo tanto, a especificidade nos procesos productivos aconsella un tratamento singularizado deste subsector

Acuicultura de especialización galega: A do mexillón ou miticultura, constitúe por si mesmo un sector de actividade económica específica. O volume de produto, a organización empresarial específica e a capacidade potencial de crecemento económico deste subsector, son consideracións económicas suficientes para te-lo en conta como subsector específico.

Conserva: Defínese como unha actividade industrial galega que transforma e comercializa peixe e moluscos e crustáceos en Galicia. Como é un subsector industrial consolidado non precisa delimitación especial.

• *Medidas de control da actividade pesqueira*

Control vía satélite: Medida de control dos buques que levan incorporada a “Caixa azul” mediante os sistemas de posicionamento GPS e

Inmarsat-C. Estes equipos móbiles comunican, de forma periódica, entradas e saídas de caladoiro, estancia no mesmo, cambio de zona de pesca, capturas, saída e chegada a porto... Tódolos buques que pescan fóra das augas españolas están obrigados a utiliza-las, e tamén os buques de caladoiro nacional que superen os 20 metros de eslora entre perpendiculares.

Diario de pesca: Libro a bordo no que o capitán do buque debe reflecti-los detalles da actividade pesqueira, é o diario de a bordo da UE. Os buques de menos de 10 metros de eslora están eximidos de leva-lo a bordo.

Declaración de capturas: Os buques que pescan especies sometidas a cotas están obrigados a entrega-la declaración de capturas de cada desembarco.

Declaración de desembarque: Documento do diario de pesca que presenta o capitán no porto de desembarque, o que indica para cada especie a cantidade desembarcada e a zona de pesca. Esta información debe chegar á autoridade nacional, calquera que sexa o porto de desembarque.

Declaración de transbordo: Ídem información anterior para cada transbordo realizado.

Medidas de protección e rexeneración dos recursos pesqueiros

Reservas mariñas: Existen un total de 17, das que 8 son de xestión a nivel nacional, que están completamente regulamentadas co obxectivo da rexeneración dos recursos.

Zonas de acondicionamento mariño: Ata a data instaláronse 17 arrecifes artificiais co fin da protección e reprodución dos recursos pesqueiros.

Zonas de reprodución mariña: En base a un informe científico previo, lévanse a cabo liberacións controladas a fin de favorecer-la rexeneración de especies de interese pesqueiro, en zonas determinadas na que se establecen medidas específicas tanto para a pesca como para as actividades acuáticas.

Descrición dos principais sistemas de ordenación das pesquerías máis significativas

Pesqueirías de gran altura sobre grandes peláxicos: Trátase de dúas pesquerías claramente

diferenciadas: os atuneiros cerqueiros conxeladores que capturan túnidos, rabil, patudo e listado principalmente, e palangreiros de superficie conxeladores que dirixen a súa actividade ó peixe espada e a especies afíns.

Flota bacallaeira e arrastre conxeladora no Atlántico Norte: Trátase de dúas flotas tecnicamente diferenciadas. A bacallaeira reduciu a súa actividade dende fai varios anos en razón da situación do recurso. A flota de arrastre dirixe a súa actividade ó fletán, a gallineta, camarón e outras especies non regulamentadas.

Flota de altura e grande altura pescando en augas de terceiros países: Trátase de buques coas seguintes modalidades de pesca: atuneiros-cañeiros, arrastreiros, palangreiros e artesanais con diversas artes e arrastreiros conxeladores pescando en augas internacionais do Atlántico sur ou do Antártico.

Flota de altura: Trátase de flotas diferenciadas en función do caladoiro.

Flota do caladoiro nacional: As modalidades de pesca regulamentadas son as seguintes:

- Para todo o caladoiro nacional: palangre de superficie.

- Para o Cantábrico e Noroeste: cerco, arrastre de fondo, palangre de fondo, rasco, volanta, artes menores.


- Para o Golfo de Cádiz: cerco e artes de fondo e menores.

- Para Canarias: cerco e artes menores.

- Para o Mediterráneo: cerco, cerco para a captura do atún roxo, arrastre de fondo, palangre de fondo, palangre de superficie, artes menores.

Barcos de terceiros países: Calquera buque de terceiro país que pretenda desembarcar, transbordar ou transformars peixe en portos ou augas españolas, previamente debe solicitar autorización á Secretaría Xeral de Pesca Marítima. ■

A.2.- Táboa *input-output*



A.2.1.a)

Táboa de inputs intermedios

	Pesca baixura	Pesca litoral	Pesca altura	Pesca grande altura	Miticultura e outros	Marisqueo	Ind. Conserva de peixe	Total
	<i>(en miles de euros)</i>							
1 Agricultura, gandería e silvicultura	-	-	733	840	-	-	1.349	2.922
Galicia	-	-	733	840	-	-	473	2.046
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	876	876
2.1 Pesca de Baixura	-	-	148	74	-	-	-	222
Galicia	-	-	148	68	-	-	-	216
Fora de Galicia	-	-	-	6	-	-	-	6
2.2 Pesca de Litoral	1.318	243	2.180	1.682	-	-	6.360	11.783
Galicia	1.318	243	1.200	815	-	-	3.981	7.557
Fora de Galicia	-	-	980	867	-	-	2.379	4.226
2.3 Pesca de altura	2.243	415	3.712	2.702	-	-	16.100	25.172
Galicia	2.243	415	2.043	1.239	-	-	10.502	16.441
Fora de Galicia	-	-	1.669	1.464	-	-	5.598	8.731
2.4 Pesca de Grande Altura	-	155	482	553	-	-	155.435	156.626
Galicia	-	155	173	198	-	-	45.746	46.273
Fora de Galicia	-	-	309	355	-	-	109.689	110.353
3 Multicultura e outros	-	-	-	-	457	-	13.920	14.377
Galicia	-	-	-	-	457	-	13.920	14.377
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
4 Marisqueo	-	-	-	-	-	-	10.032	10.032
Galicia	-	-	-	-	-	-	6.763	6.763
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	3.269	3.269
5 Sal	80	32	24	426	-	-	667	1.229
Galicia	-	-	-	-	-	-	333	333
Fora de Galicia	80	32	24	426	-	-	334	897
6 Outras industrias extractivas	-	-	-	-	-	-	-	-
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
7 Industrias de conserva de peixe e marisco	64	364	1.101	1.261	-	-	44.121	46.910
Galicia	64	364	1.101	1.261	-	-	6.396	9.185
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	37.725	37.725
8 Aceites e graxas refinadas	-	-	325	373	-	-	41.078	41.776
Galicia	-	-	121	139	-	-	16.103	16.362
Fora de Galicia	-	-	204	234	-	-	24.975	25.414
9 Especies, salsas e condimentos	-	-	-	-	-	-	681	681
Galicia	-	-	-	-	-	-	376	376
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	305	305
10 Outras industrias de alimentación, bebidas e tabaco	562	1.163	2.866	3.426	5	-	193	8.215
Galicia	433	895	2.207	2.638	4	-	193	6.370
Fora de Galicia	129	267	659	788	1	-	-	1.845
11 Artefactos textís do barco	2.943	340	150	182	-	-	-	3.615
Galicia	129	15	7	8	-	-	-	159
Fora de Galicia	2.813	325	144	174	-	-	-	3.456
12 Cabos e redes	5.973	6.429	4.556	4.859	2.690	4	-	24.511
Galicia	5.973	6.429	4.556	4.859	2.690	4	-	24.511
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
13 Outras industrias textís, coiro e calzado	-	-	-	-	-	-	91	91
Galicia	-	-	-	-	-	-	91	91
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
14 Envases, embalaxes e outras industrias da madeira	20	653	1.123	418	1.648	-	90	3.952
Galicia	20	555	955	356	1.648	-	90	3.623
Fora de Galicia	-	98	168	63	-	-	-	329
15 Envases, embalaxes de papel e cartón	-	-	-	4.197	-	-	10.566	14.763
Galicia	-	-	-	2.938	-	-	7.500	10.438
Fora de Galicia	-	-	-	1.259	-	-	3.065	4.325
16 Outras industrias do papel	9	53	34	146	44	20	1.160	1.465
Galicia	1	8	5	22	44	20	1.150	1.249
Fora de Galicia	7	45	29	124	-	-	10	215
17 Refino de petróleo e outros	8.202	7.800	15.023	25.138	2.654	102	2.556	61.476
Galicia	8.202	7.800	9.014	10.055	2.654	102	2.556	40.383
Fora de Galicia	-	-	6.009	15.083	-	-	-	21.092
18 Química básica	95	2	650	294	20	-	278	1.339
Galicia	-	-	-	12	1	-	278	291
Fora de Galicia	95	2	650	283	19	-	-	1.049
19 Pintura	291	139	176	19	542	-	-	-
Galicia	87	42	53	6	162	-	-	350
Fora de Galicia	204	97	123	13	379	-	-	817
20 Pirotecnia	75	9	7	10	2	-	-	102
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	75	9	7	10	2	-	-	102
21 Outra industria química	96	86	244	236	132	-	190	983
Galicia	6	5	15	14	-	-	190	230
Fora de Galicia	90	80	229	222	132	-	-	754
22 Envases e embalaxes de plástico	140	226	489	1.717	573	12	285	3.441
Galicia	140	226	489	1.717	573	12	285	3.441
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
23 Outros produtos de caucho e plástico	596	140	156	291	276	135	23	1.618
Galicia	143	34	37	70	66	32	23	405
Fora de Galicia	453	107	119	222	210	102	-	1.213
24 Outros produtos non metálicos	-	-	-	-	-	-	-	-
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
25 Ferramentas e ferretería	609	661	320	276	0	24	203	2.092
Galicia	517	562	272	234	0	24	203	1.813
Fora de Galicia	91	99	48	41	-	-	-	280
26 Productos metálicos diversos	666	1.075	1.128	2.907	909	-	68.032	74.717
Galicia	33	54	56	145	-	-	44.129	44.417
Fora de Galicia	633	1.021	1.072	2.762	909	-	23.903	30.299

A.2.1.b)

27 Metalurxia e outros prod. metálicos	79	1	252	84	6	-	9.488	9.909
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	79	1	252	84	6	-	9.488	9.909
28 Maquinaria e equipo mecánico	-	-	-	-	1.342	149	4.840	6.331
Galicia	-	-	-	-	134	15	4.724	4.873
Fora de Galicia	-	-	-	-	1.207	134	116	1.458
29 Maquinaria e material eléctrico	108	137	367	303	2	-	468	1.384
Galicia	28	35	94	78	-	-	462	697
Fora de Galicia	80	102	272	225	2	-	5	687
30 Construcción e reparación naval	3.701	6.192	7.036	16.217	-	-	-	34.387
Galicia	3.701	6.192	7.036	12.162	-	-	-	29.091
Fora de Galicia	-	-	1.242	4.054	-	-	-	5.296
31 Outro material de transporte	-	-	-	-	-	-	-	-
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
32 Manufacturas diversas	10	-	-	943	1	-	-	954
Galicia	10	-	-	943	1	-	-	954
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
33 Enerxía eléctrica e gas	-	39	39	303	42	8	2.437	2.868
Galicia	-	39	39	303	42	8	2.437	2.868
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
34 Xeo	175	815	1.657	557	-	-	-	3.204
Galicia	175	815	1.325	223	-	-	-	2.538
Fora de Galicia	-	-	331	334	-	-	-	665
35 Auga doce	25	47	180	65	-	-	345	662
Galicia	25	47	180	65	-	-	345	662
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
36 Construcción	-	-	-	-	-	-	-	-
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
37 Reparación de vehículos a motor	-	-	-	-	-	-	363	363
Galicia	-	-	-	-	-	-	363	363
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
38 Intermediarios de materias primas animais	3.203	3.157	5.226	7.819	-	-	-	19.405
Galicia	3.203	3.157	5.226	7.819	-	-	-	19.405
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
39 Maioristas de peixe e marisco	-	-	-	-	-	-	-	-
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
40 Minoristas diversos	1.216	518	923	126	592	76	-	3.451
Galicia	1.216	518	923	126	592	76	-	3.451
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
41 Minoristas de peixe e marisco	-	-	-	-	-	-	-	-
Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
42 Outras actividades comerciais	12	5	252	1.089	-	-	11.184	12.542
Galicia	12	5	252	1.089	-	-	1.113	2.471
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	10.071	10.071
43 Hostelería	-	-	33	51	3	-	921	1.008
Galicia	-	-	2	3	3	-	122	130
Fora de Galicia	-	-	31	47	-	-	800	878
44 Transporte	438	812	1.594	15.507	769	804	18.455	38.379
Galicia	438	812	1.594	15.507	769	804	16.493	36.417
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	1.962	1.962
45 Manipulación e depósito de mercadorías	498	102	535	2.938	-	-	-	4.073
Galicia	498	102	535	2.938	-	-	-	4.073
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
46 Servicios portuarios	-	-	-	30	116	-	-	146
Galicia	-	-	-	30	116	-	-	146
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
47 Correos e comunicacións	36	337	396	1.262	238	4	1.030	3.302
Galicia	36	337	396	1.262	238	4	566	2.839
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	463	463
48 Intermediarios financeiros	352	2.116	4.440	9.606	396	125	14.286	31.322
Galicia	352	2.116	4.440	9.606	396	125	14.163	31.199
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	123	123
49 actividades xurídicas e xestorías	523	577	1.240	1.752	-	163	5.681	9.936
Galicia	523	577	1.240	1.489	-	163	4.913	8.906
Fora de Galicia	-	-	-	263	-	-	768	1.030
50 Publicidade	-	63	11	162	459	56	30.575	31.326
Galicia	-	63	11	162	459	56	8.040	8.791
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	22.535	22.535
51 Outros servizos empresariais	179	1.226	1.240	1.752	-	163	5.681	10.241
Galicia	179	1.226	1.240	1.489	-	163	4.913	9.211
Fora de Galicia	-	-	-	263	-	-	768	1.030
52 Administración pública	68	1	218	5.860	863	64	8	7.084
Galicia	68	1	-	-	863	64	8	1.006
Fora de Galicia	-	-	218	5.860	-	-	-	6.078
53 Educación	7	-	-	58	-	-	-	65
Galicia	7	-	-	58	-	-	-	65
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
54 Activid. sanitarias e veterinarias	-	-	-	-	-	-	81	81
Galicia	-	-	-	-	-	-	81	81
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
55 Org. empresariais e profesionais	1.081	809	1.357	847	-	-	264	4.358
Galicia	1.081	809	1.221	593	-	-	261	3.965
Fora de Galicia	-	-	136	254	-	-	3	393
56 Outras actividades dos servizos e da administración	-	-	-	-	617	-	-	617
Galicia	-	-	-	-	617	-	-	617
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-
Total inputs intermedios	35.692	36.941	63.860	119.362	15.397	1.909	479.512	752.673
Galicia	30.862	34.656	48.935	83.582	12.529	1.673	220.282	432.518
Fora de Galicia	4.830	2.285	14.925	35.780	2.868	237	259.230	320.155

Fonte: " Taboa Input-Output Pesca-Conserva galega 1995".

A.2.2.

Táboa de outputs intermedios

	Pesca baixura	Pesca litoral	Pesca altura	Pesca grande altura	Miticultura e outros	Marisqueo	Ind. Conserva de peixe	Outras ind. de alimentación	Hostelería	Administración Pública	Actividades sanitarias	Outras activ. dos sv e adminis.	Total outputs intermedios
2.1 Pesca de baixura	-	-	148	74	-	-	-	-	21.399	68	153	1.023	22.864
			148	68					19.730	63	141	843	21.092
			148	68					1.669	5	12	80	1.772
2.2 Pesca de litoral	1.318	243	2.180	1.682	-	-	6.360	-	16.531	53	118	790	29.274
	1.318	243	1.200	815	-	-	3.981	-	13.334	43	95	637	21.666
			980	867	-	-	2.379	-	3.197	10	23	153	7.609
2.3 Pesca de altura	2.243	415	3.712	2.702	-	-	16.100	-	27.372	-	195	1.308	54.047
	2.243	415	2.043	1.239	-	-	10.502	-	21.937	-	156	1.048	39.582
			1.669	1.464	-	-	5.598	-	5.436	-	39	260	14.465
2.4 Pesca de grande altura	-	155	482	553	-	-	155.435	-	32.739	1.498	234	1.566	192.662
		155	173	198	-	-	45.746	-	11.631	537	84	952	59.087
			309	355	-	-	109.689	-	21.108	960	150	1.004	133.575
3 Miticultura e outros	-	-	-	-	457	-	13.920	-	869	-	6	42	15.295
			-	-	457	-	13.920	-	796	-	6	38	15.218
			-	-	-	-	-	-	73	-	1	4	77
4 Marisqueo	-	-	-	-	-	-	10.032	-	2.440	-	17	116	12.606
			-	-	-	-	6.763	-	812	-	6	39	7.619
			-	-	-	-	3.269	-	1.628	-	12	78	4.986
7 Industrias de conserva de peixe e marisco	64	364	1.101	1.261	-	-	44.121	12.366	10.048	146	72	481	70.023
	64	364	1.101	1.261	-	-	6.396	3.710	9.445	137	67	462	22.987
			-	-	-	-	37.725	8.656	603	9	4	29	47.026
Total	3.625	1.177	7.622	6.273	457	-	245.967	12.366	111.396	1.765	795	5.326	396.771
	3.625	1.177	4.664	3.582	457	-	87.307	3.710	77.684	780	555	3.719	187.261
			2.959	2.691	-	-	156.660	8.656	33.713	985	240	1.607	209.510


Fonte: "Taboa Input-Output Pesca-Conserva galega 1995".

A.2.3.

Táboa de demanda final

	Total outputs intermedios	Consumo privado	Consumo público	Consumo total	Formación bruta de capital fixo	Variación de existencias	Formación bruta de capital	Exportacións resto do Estado	Exportacións resto do mundo	Exportacións totais	Total Demanda final	Total Empregos
2.1 Pesca de Baixura	22.864	64.099	-	64.099	-	-	-	17.628	1.882	19.511	83.610	106.474
Galicia	21.092	59.100	-	59.100	-	-	-	17.628	1.882	19.511	78.610	99.703
Fora de Galicia	1.772	5.000	-	5.000	-	-	-	-	-	-	5.000	6.772
2.2 Pesca de Litoral	29.274	49.514	-	49.514	-	-	-	47.545	12.586	60.130	109.644	138.918
Galicia	21.866	39.938	-	39.938	-	-	-	47.545	12.586	60.130	100.068	121.733
Fora de Galicia	7.609	9.576	-	9.576	-	-	-	-	-	-	9.576	17.185
2.3 Pesca de altura	54.044	81.965	-	81.965	-	-	-	70.954	21.430	92.383	174.349	228.393
Galicia	39.579	65.687	-	65.687	-	-	-	70.954	21.430	92.383	158.070	197.649
Fora de Galicia	14.465	16.278	-	16.278	-	-	-	-	-	-	16.278	30.743
2.4 Pesca de Grande Altura	192.662	98.057	-	98.057	-	7.750	7.750	265.989	259.757	525.746	631.554	824.176
Galicia	99.087	35.183	-	35.183	-	7.750	7.750	265.989	259.757	525.746	588.679	827.730
Fora de Galicia	133.575	62.874	-	62.874	-	-	-	-	-	-	62.874	196.447
3 Miticultura e outros	15.218	2.624	-	2.624	-	-	-	32.904	8.853	41.757	44.381	59.676
Galicia	15.218	2.405	-	2.405	-	-	-	32.904	8.853	41.757	44.162	59.380
Fora de Galicia	77	219	-	219	-	-	-	-	-	-	219	296
4 Marisqueo	12.606	7.301	-	7.301	-	-	-	101.282	11.209	112.491	119.792	132.398
Galicia	7.619	2.430	-	2.430	-	-	-	101.282	11.209	112.491	114.921	122.540
Fora de Galicia	4.986	4.871	-	4.871	-	-	-	-	-	-	4.871	9.857
7 Industrias de conserva de peixe e marisco	70.023	30.086	-	30.086	-	28.974	-28.974	504.116	121.527	625.643	626.755	696.778
Galicia	22.997	28.281	-	28.281	-	28.974	-28.974	504.116	121.527	625.643	624.950	647.947
Fora de Galicia	47.026	1.805	-	1.805	-	-	-	-	-	-	1.805	48.831
Total	396.768	333.647	-	333.647	-	21.224	-21.224	1.040.417	437.244	1.477.661	1.790.084	2.186.813
Galicia	187.258	233.023	-	233.023	-	21.224	-21.224	1.040.417	437.244	1.477.661	1.689.460	1.876.682
Fora de Galicia	209.510	100.624	-	100.624	-	-	-	-	-	-	100.624	310.131

Fonte: " Táboa Input-Output Pesca-Conserva galega 1995".



A.2.4.

Procedencia da formación bruta de capital fixo da pesca-conserva galega

	Pesca baixura	Pesca litoral	Pesca altura	Pesca grande altura	Miticultura e outros	Marisqueo	Ind. Conserva de peixe	Total
	(en miles de euros)							
14 Envases, embalaxes e outras industrias da madeira	-	-	-	-	1.827	-	-	1.827
27 Metalurxia e outros prod. metálicos	-	-	-	-	1.747	-	-	1.747
28 Maquinaria e equipo mecánico	3.720	2.329	3.674	11.236	1.628	48	30.429	53.063
29 Maquinaria e material eléctrico	1.102	845	167	1.787	31	50	13.041	17.023
30 Construción e reparación naval	4.460	6.090	29.692	40.550	9.893	41	-	90.726
31 Outro material de transporte	108	-	-	188	344	51	661	1.351
32 Manufacturas diversas	-	51	52	144	11	66	-	324
36 Construción	239	-	-	9.360	1.301	-	22.615	33.514
51 Outros servizos empresariais	-	-	-	-	433	536	988	1.957
Total	9.629	9.315	33.585	63.265	17.215	791	67.733	201.533

Fonte: " Taboa Input-Output Pesca-Conserva galega 1995".

A.2.5.

Táboa de inputs primarios

	Pesca baixura	Pesca litoral	Pesca altura	Pesca grande altura	Miticultura e outros	Marisqueo	Ind. Conserva de peixe	Total
	(en miles de euros)							
Total Inputs intermedios	35.692	36.941	63.647	118.547	15.415	2.040	475.676	747.960
Galicia	29.844	34.392	48.206	82.568	12.058	1.744	216.863	425.674
Fora de Galicia	5.848	2.550	15.442	35.980	3.357	296	258.813	322.285
Soldos e salarios	15.171	34.827	63.584	57.074	6.132	499	64.264	241.551
Cotizacións sociais	10.067	9.383	17.266	17.891	4.394	2.245	20.236	81.483
Remuneración de asalariados	25.238	44.210	80.850	86.986	10.526	2.744	84.500	335.054
Excedente bruto de explotación	46.136	24.601	29.709	78.653	27.028	29.097	75.742	310.965
Consumo de capital fixo	896	2.368	16.004	22.845	1.896	163	8.731	52.902
Excedente neto de explotación	45.240	22.233	13.705	55.808	25.131	28.935	67.011	258.063
Valor engadido bruto a c.f.	71.374	68.811	110.559	153.619	37.554	31.841	160.242	633.999
Impostos ligados á produción	24	27	86	65	296	8	227	732
Subvencións de explotación	-	53	3.109	14.157	431	392	3.433	21.575
Impostos netos ligados á produción	24	27	3.023	14.025	135	384	3.206	20.776
Valor engadido bruto p.m.	71.397	68.784	107.536	139.593	37.419	31.457	150.589	606.776
Producción efectiva	107.089	105.725	171.183	258.141	52.834	33.498	626.266	1.354.736
Transferencias	12.979	-	-	-	-	12.979	-	-
Producción distribuída	94.110	105.725	171.183	258.141	52.834	46.477	626.266	1.354.736
Importacións equivalentes resto de España	-	2.845	6.071	61.718	-	545	2.337	73.517
Importación equivalentes resto do mundo	7.958	25.351	43.165	486.403	4.833	83.118	37.837	688.664
Total de importacións	7.958	28.196	49.236	548.121	4.833	83.663	40.175	762.181
I.V.E. que grava os produtos	4.407	4.997	7.974	17.915	2.009	6.113	30.337	73.752
Total recursos	106.474	138.918	228.393	824.176	59.676	136.253	696.778	2.190.668

Fonte: " Taboa Input-Output Pesca-Conserva galega 1995".


A.2.6.

Táboa de coeficientes técnicos de produción

	Pesca baixura	Pesca litoral	Pesca altura	Pesca grande altura	Miticultura e outros	Marisqueo	Ind. Conserva de peixe	Total
1 Agricultura, gandería e silvicultura	-	-	0,0043	0,0033	-	-	0,0022	0,0022
2.1 Pesca de Baixura	-	-	0,0009	0,0003	-	-	-	0,0002
2.2 Pesca de Litoral	0,0123	0,0023	0,0127	0,0065	-	-	0,0102	0,0087
2.3 Pesca de altura	0,0209	0,0039	0,0217	0,0105	-	-	0,0257	0,0186
2.4 Pesca de Grande Altura	-	0,0015	0,0028	0,0021	-	-	0,2469	0,1156
3 Multicultura e outros	-	-	-	-	0,0087	-	0,0222	0,0106
4 Marisqueo	-	-	-	-	-	-	0,0160	0,0074
5 Sal	0,0007	0,0003	0,0001	0,0017	-	-	0,0011	0,0009
6 Outras industrias extractivas	-	-	-	-	-	-	-	-
7 Industrias de conserva de peixe e marisco	0,0006	0,0034	0,0064	0,0049	-	-	0,0705	0,0346
8 Aceites e graxas refinadas	-	-	0,0019	0,0014	-	-	0,0656	0,0308
9 Especies, salsas e condimentos	-	-	-	-	-	-	0,0011	0,0005
10 Outras industrias de alimentación, bebidas e tabaco	0,0053	0,0110	0,0167	0,0133	0,0001	-	0,0003	0,0061
11 Artefactos textís do barco	0,0275	0,0032	0,0009	0,0007	-	-	-	0,0027
12 Cabos e redes	0,0558	0,0608	0,0266	0,0188	0,0509	0,0001	-	0,0181
13	-	-	-	-	-	-	-	-
Outras industrias textís, coiro e calzado	-	-	-	-	-	-	0,0001	0,0001
14 Envases, embalaxes e outras industrias da madeira	0,0002	0,0062	0,0066	0,0016	0,0312	-	0,0001	0,0029
15	-	-	-	-	-	-	-	-
Envases, embalaxes de papel e cartón	-	-	-	0,0163	-	-	0,0169	0,0109
16 Outras industrias do papel	0,0001	0,0005	0,0002	0,0006	0,0008	0,0006	0,0019	0,0011
17 Refino de petróleo e outros	0,0766	0,0738	0,0878	0,0974	0,0502	0,0030	0,0041	0,0454
18 Química básica	0,0009	0,0000	0,0038	0,0011	0,0004	-	0,0004	0,0010
19 Pintura	0,0027	0,0013	0,0010	0,0001	0,0102	-	-	0,0009
20 Pirotécnica	0,0007	0,0001	0,0000	0,0000	0,0000	-	-	0,0001
21 Outra industria química	0,0009	0,0008	0,0014	0,0009	0,0025	-	0,0003	0,0007
22 Envases e embalaxes de plástico	0,0013	0,0021	0,0029	0,0067	0,0108	0,0004	0,0005	0,0025
23	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros produtos de caucho e plástico	0,0056	0,0013	0,0009	0,0011	0,0052	0,0040	0,0000	0,0012
24 Outros produtos non metálicos	-	-	-	-	-	-	-	-
25 Ferramentas e ferretería	0,0057	0,0062	0,0019	0,0011	0,0000	0,0007	0,0003	0,0015
26 Produtos metálicos diversos	0,0062	0,0102	0,0066	0,0113	0,0172	-	0,1086	0,0552
27 Metalurxia e outros prod. metálicos	0,0007	0,0000	0,0015	0,0003	0,0001	-	0,0152	0,0073
28 Maquinaria e equipo mecánico	-	-	-	-	0,0254	0,0045	0,0077	0,0047
29 Maquinaria e material eléctrico	0,0010	0,0013	0,0021	0,0012	0,0000	-	0,0007	0,0010
30 Construcción e reparación naval	0,0346	0,0586	0,0484	0,0628	-	-	-	0,0254
31 Outro material de transporte	-	-	-	-	-	-	-	-
32 Manufacturas diversas	0,0001	-	-	0,0037	0,0000	-	-	0,0007
33 Enerxía eléctrica e gas	-	0,0004	0,0002	0,0012	0,0008	0,0002	0,0039	0,0021
34 Xeo	0,0016	0,0077	0,0097	0,0022	-	-	-	0,0024
35 Auga doce	0,0002	0,0004	0,0010	0,0003	-	-	0,0006	0,0005
36 Construcción	-	-	-	-	-	-	-	-
37 Reparación de vehículos a motor	-	-	-	-	-	-	0,0006	0,0003
38 Intermediarios de materias primas animais	0,0299	0,0299	0,0305	0,0303	-	-	-	0,0143
39 Maioristas de peixe e marisco	-	-	-	-	-	-	-	-
40 Minoristas diversos	0,0114	0,0049	0,0054	0,0005	0,0112	0,0023	-	0,0025
41 Minoristas de peixe e marisco	-	-	-	-	-	-	-	-
42 Outras actividades comerciais	0,0001	0,0000	0,0015	0,0042	-	-	0,0179	0,0093
43 Hostelería	-	-	0,0002	0,0002	0,0001	-	0,0015	0,0007
44 Transporte	0,0041	0,0077	0,0093	0,0601	0,0145	0,0240	0,0295	0,0283
45 Manipulación e depósito de mercadorías	0,0047	0,0010	0,0031	0,0114	-	-	-	0,0030
46 Servizos portuarios	-	-	-	0,0001	0,0022	-	-	0,0001
47 Correos e comunicacións	0,0003	0,0032	0,0023	0,0049	0,0045	0,0001	0,0016	0,0024
48 Intermediarios financeiros	0,0032	0,0200	0,0259	0,0372	0,0075	0,0038	0,0228	0,0231
49 actividades xurídicas e xestorías	0,0049	0,0055	0,0072	0,0068	-	0,0049	0,0091	0,0073
50 Publicidade	-	0,0006	0,0001	0,0006	0,0087	0,0017	0,0488	0,0231
51 Outros servizos empresariais	0,0017	0,0116	0,0060	0,0036	0,0004	0,0088	0,0029	0,0041
52 Administración pública	0,0006	0,0000	0,0013	0,0227	0,0164	0,0019	0,0000	0,0052
53 Educación	0,0001	-	-	0,0002	-	-	-	0,0000
54 Activid. sanitarias e veterinarias	-	-	-	-	-	-	0,0001	0,0001
55 Org. empresariais e profesionais	0,0101	0,0077	0,0079	0,0033	-	-	0,0004	0,0032
56 Outras actividades dos servizos e da administración	-	-	-	-	0,0117	-	-	0,0005
Suma de coeficientes técnicos	0,3332	0,3494	0,3718	0,4592	0,2918	0,0609	0,7583	0,5521
Producción efectiva (en miles de...)	107.089	105.725	171.183	258.141	52.834	33.498	626.266	1.354.736

Fonte: "Taboa Input-Output Pesca-Conserva galega 1995".

A.3.- Declaración da Xunta de Galicia



***Declaración da Xunta de Galicia
sobre os principios da Unión Europea
na futura Política Común de Pesca***

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2002

SUMARIO:

- A) OS PRINCIPIOS DA UE E A CONSERVACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS PESQUEIROS INTERNOS.
- a) Igualdade de acceso ás augas e principios do respecto do acervo comunitario e de legalidade.
 - b) Criterio de estabilidade relativa e principios de solidariedade e de non discriminación.
 - c) Sistema de xestión dos recursos e principios de non discriminación, liberdade de establecemento e libre circulación de capitais.
 - d) Toma de decisións, participación dos cidadáns e principios de atribución de competencias, de subsidiaridade, de autonomía institucional e procedemental e de transparencia.
 - e) Medidas técnicas de conservación e principio de desenvolvemento sostible.
 - f) Medidas técnicas de control e principios de suficiencia de medios e de cooperación leal.

B) OS PRINCIPIOS DA UE E A CONSERVACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS PESQUEIROS EXTERNOS.

a) A Política exterior pesqueira como compoñente da acción exterior da UE e os principios de progresividade, atribución de competencias, coherencia, articulación, suficiencia de medios e cooperación leal.

b) A cooperación internacional bilateral (os acordos internacionais de pesca) e os principios de atribución de competencias, de legalidade, de suficiencia de medios, de articulación e de desenvolvemento sostible.

c) A cooperación internacional multilateral (a participación nas organizacións rexionais de pesca) e os principios de atribución de competencias, suficiencia de medios, coherencia, articulación e desenvolvemento sostible.

C) OS PRINCIPIOS DA UE E A POLÍTICA DE ESTRUCTURAS E O EMPREGO.

D) OS PRINCIPIOS DA UE E A POLÍTICA DE MERCADOS PESQUEIROS.

**“DECLARACIÓN DA XUNTA DE GALICIA SOBRE
OS PRINCIPIOS DA UNIÓN EUROPEA NA FUTURA POLÍTICA COMÚN DA PESCA”**

Visto o Tratado da Unión Europea.

Visto o artigo 166 da Acta de Adhesión do Reino de España ás Comunidades Europeas (DOCE, n.º L 302, 15.11.1985)

Visto o Regulamento (CEE) n.º 3760/92 do Consello, do 20 de decembro de 1992, polo que se establece un réxime comunitario da pesca e a acuicultura (DOCE n.º L, 31.12.1992, p.1).

Visto o Libro verde da Comisión Europea sobre o futuro da política pesqueira común [COM (2001) 131, 20.03.2001].

Visto o Libro branco da Comisión Europea sobre a gobernanza europea [COM (2001) 428 final, 25.07.2001].

Considerando que a Política Común da Pesca na súa forma actual finaliza o 31 de decembro de 2002.

Considerando que o artigo 14,2º do Regulamento (CE) 3762/92 dispón que a Comisión, antes do 31 de decembro de 2001, presentará ó Parlamento Europeo e ó Consello un informe, referido particularmente ás seguintes cuestións: situación das pesqueiras na Comunidade; situación económica e social das rexións costeiras; estado dos recursos; aplicación do regulamento.

Considerando que a Comisión, respondendo a este mandato, presentou, o 20 de marzo de 2001, o seu Libro verde sobre o futuro da política pesqueira común.

Considerando que o Consello, sobre a base do dito informe e consonte o procedemento do art. 37 CE¹, deberá decidir antes do 31 de decembro de 2002 sobre toda adaptación que se deba realizar, en particular, no que se refire ó artigo 7 do Regulamento (CE) 3760/92 e sobre as disposicións que poderían establecerse tralas medidas ás que se refire o artigo 6 dese regulamento².

Considerando que a revisión da Política Común da Pesca non debe cingirse exclusivamente ás cuestións relacionadas cos artigos 6 e 7 do Regulamento (CE) 3760/92, senón que se poderá referir a calquera tema a adaptación do cal sexa considerada necesaria.

Considerando que o Libro verde da Comisión pretende, ademais, impulsar un debate sobre as características que debe reuni-la nova Política Común da Pesca co fin de responder mellor ós desafíos ós que se enfrenta; e que, para isto, convidou a participar neste a tódolos interesados nas cuestións pesqueiras e, en particular, as rexións máis afectadas da Comunidade.

Considerando que estas circunstancias brindan a oportunidade para reflexionar sobre o alcance e contido da revisión da PCP e moi especialmente ofrece a ocasión para pronunciarse sobre as repercusións que teñen os **principios que informan a UE** sobre a futura PCP.

Considerando que Galicia é unha das rexións europeas máis directamente dependente da pesca e, xa que logo, máis interesada no futuro da Política Común da Pesca,

**A XUNTA DE GALICIA, NA SÚA REUNIÓN DO 10 DE XANEIRO DE 2002, APROBOU A SEGUINTE
DECLARACIÓN SOBRE OS PRINCIPIOS DA UE NA FUTURA POLÍTICA COMÚN DA PESCA, PARA
FACÉRLLELA CHEGAR A TÓDALAS INSTANCIAS COMPETENTES.**

¹Por proposta da Comisión e trala consulta ó Parlamento Europeo, o Consello, por maioría cualificada, adoptará regulamentos ou directivas ou tomará decisións...”

²Segundo o art. 6, Rgto. (CE) 3760/92: “Os Estados membros quedan autorizados a manter, do 1 de xaneiro de 1993 ó 31 de decembro de 2002, o réxime definido no artigo 100 da Acta de Adhesión de 1972 e a ampliar a 12 millas náuticas o conxunto das augas da súa soberanía ou da súa xurisdicción o límite de 6 millas previsto no dito artigo”.

Mentres que o art. 7 do Rgto. (CE) 3760/92, establece un réxime particular para “a rexión definida no anexo II...” (Área Shetland).

INTRODUCCIÓN

1. Recorda que o Tratado da Unión Europea fixa entre os obxectivos da Unión Europea os de promover a integración económica, política e social e que, para alcanzalos, a acción da Comunidade Europea implicará, entre outras, unha política común no ámbito da pesca (art. 3, e. CE).

2. Sinala que, para levar a cabo os ditos obxectivos e a mencionada acción, a UE vaise inspirar en certos **principios**, isto é, nunhas normas ou regras que son básicas no proceso de construción europea, e que rexen o propio funcionamento da UE e orientan o desenvolvemento do Dereito comunitario.

3. Consta que o ámbito da pesca está cuberto por unha política común, cun funcionamento e desenvolvemento xurídico que deben, por conseguinte, estar presididos polos mesmos **principios** que orientan todo o proceso de construción europea e sobre os que se articula o Ordenamento xurídico comunitario.

4. Destaca como estes **principios** constitúen o acervo substancial comunitario, necesario para a consecución dos obxectivos da UE e, entre eles, o logro e plena aplicación do mercado interior único, realidade xurídica e económica desde o 1 de xaneiro de 1993.

5. Insiste en sinalar que o mesmo que ocorre con outras políticas, no sector pesqueiro deben aplicarse tódalas regras e **principios** contidos nos tratados, salvo disposición contraria do Título II CE, o que implica, entre outras cousas, a utilización nese sector das normas e **principios** que regulan o mercado interior único. O que, á súa vez, precisa a plena liberalización de tódolos movementos de carácter económico entre os Estados membros e que as empresas e os particulares non se vexan discriminados por razón de nacionalidade.

6. Recorda que, non obstante, tal situación non se produce no momento actual. En efecto, a PCP fraguouse no período que vai desde a adhesión do Reino Unido, Irlanda e Dinamarca ata o ano 1983. O conxunto normativo considerado no Tratado de Adhesión de 1972 e os regulamentos aprobados máis tarde, especialmente os Regulamentos 170/83 e 3760/92, incluíron unha serie de derogacións ó disposto nos tratados constitutivos que afectan de maneira substancial ós **principios** que informan o Ordenamento xurídico comunitario.

7. Considera que, aínda que tales derogacións puideron ter unha xustificación histórica no pasado para poder poñer en marcha unha Política Común de Pesca que, sen dúbida, conseguiu resultados positivos, pensa que, sen embargo, tales xustificacións desapareceron tras máis de vinte anos de aplicación desta. Por este motivo o proceso de revisión da PCP debería conducir á realización do mercado interior único da pesca e ó abandono do réxime excepcional actual, o que levaría á plena aplicación do réxime da libre competencia e á liberalización total e definitiva do mercado dos factores de produción da pesca e, en definitiva, á consideración da actividade pesqueira baixo a mesma óptica económica có resto das actividades económicas e industriais comunitarias.

8. Estima que só desta forma os obxectivos económicos comunitarios de igualdade, liberdade, solidariedade e unidade quedarían satisfeitos tamén no sector pesqueiro.

9. Recorda, por outro lado, que a Acta de Adhesión do Reino de España ás Comunidades Europeas de 1985 prevía un período transitorio para a pesca española que expira o 31 de decembro de 2002; que os Regulamentos (CE) 1275/94 e (CE) 685/95, adoptados ó abeiro dese tratado, incluíndo distintas adaptacións a este réxime transitorio, deixan, igualmente, de estar en vigor na dita data; que, xa que logo, as restriccións que limitan a actividade pesqueira española a certas áreas e especies desaparecen completamente o 31 de decembro de 2002 e que a partir de tal momento a pesca española non pode ser obxecto de ningún tipo de discriminación por razón de nacionalidade, explícita ou encuberta.

10. Recalca, en relación con isto, como, ademais, o **principio de progresividade** que inspira a construción europea³ produce, tamén, os seus efectos en cada adhesión de novos Estados membros, negociándose un período transitorio, que ten por obxecto a necesidade de adaptar tanto as estruturas económicas e os ordenamentos xurídicos dos Estados candidatos coma a adecuación dos ordenamentos xurídicos dos Estados membros e da UE á nova situación; pero que, unha vez transcorrido ese período, tal principio esixe que tódolos Estados membros se encontren xa na mesma situación xurídica e que non caiba falar das particularidades negociadas durante os procesos de adhesión nin do Reino Unido, Irlanda e Dinamarca, nin tampouco do Reino de España, nin, en fin, de ningún outro país membro.

³Desde o seu inicio o proceso de integración europeo foise construindo de forma progresiva, como di o art. 1 do TUE, o tratado constitúe unha etapa no proceso creador dunha unión máis estreita entre os pobos de Europa. No Tratado de Roma prevíase a progresiva instauración dun mercado común entre os Estados membros. Coa entrada en vigor da Acta Única Europea, o obxectivo central foi afondar neste camiño e establecer un mercado interior. Esta progresividade tamén se previu de forma específica para cada unha das liberdades comunitarias (e polo que agora nos interesa, libre circulación e liberdade de establecemento) e para cada un dos procesos de adhesión de novos Estados, configurándose deste modo un principio de progresividade que inspira a construción europea.

11. Estima, por outro lado, que a futura PCP require unha política socioestructural que, tendo en conta as necesidades económicas e sociais do sector, adapte as capacidades de capturas ós recursos existentes e á súa conservación.

12. Destaca que a persecución dun obxectivo conservacionista tal e como aparece enunciado no Libro Verde da Comisión, non pode, sen embargo, esquecer que a pesca é un sector socioeconómico moi relevante nalgunhas rexións europeas cunhas poboacións locais que dependen en gran medida da pesca e das actividades conexas e que, ademais, son rexións do obxectivo n.º 1, isto é, que sofren un escaso desenvolvemento económico e carecen de actividades alternativas. Faise, polo tanto, imperativo encontrar un equilibrio entre os intereses sociais, económicos, medioambientais e pesqueiros.

13. Pide que a futura PCP, e as políticas diferenciadas que a compoñen, conduza a unha racionalización das flotas dos Estados membros e a fomentar unhas condicións satisfactorias de traballo, tanto a bordo dos buques coma en terra, a contribuír ó desenvolvemento dunha pesca e comercio de produtos pesqueiros responsable e ó desenvolvemento equilibrado de tódalas rexións europeas. E, que todo isto se realice no respecto absoluto dos **principios que inspiran a UE** e na plena realización do mercado interior único da pesca.

A) OS PRINCIPIOS DA UE E A CONSERVACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS PESQUEIROS INTERNOS.

1. Un dos alicerces fundamentais sobre os que debe sustentarse a PCP, en sintonía co **principio dun desenvolvemento sostible** (art. 6 CE⁴), é o de garanti-la conservación dos recursos mariños vivos e da acuicultura, mediante unha explotación racional e responsable destes que respecte o equilibrio entre os recursos dispoñibles e accesibles, evitando, así, a sobre-explotación e asegurando a longo prazo o exercicio das actividades pesqueiras⁵.

2. Agora ben, como advirte o propio Libro verde da Comisión, tras vinte anos de aplicación, a PCP non logrou unha explotación sostible dos recursos. É notorio como son demasiados os pescadores que pescan uns recursos cada vez máis escasos e se capturan demasiados peixes novos que non alcanzaron a madurez. Esta actuación sobre os recursos agudizouse ó aumenta-la demanda, ó ser maior a presión que se exerce sobre os pescadores para que cubran crecentes custos de investimentos e crearse equipos cada vez máis sofisticados capaces de detectar con máis precisión os bancos de peixes.

3. Faise, pois, urxente revisa-la PCP e dentro dela a política de conservación e xestión dos recursos pesqueiros, e, neste sentido, reflexionar sobre as razóns polas que esta política non logrou os obxectivos propostos. En relación con isto, cabe preguntarse se non será debido, en parte senón en todo, a que os elementos fundamentais que conforman esta política (réxime de acceso ás augas; sistema de control do índice de explotación; medidas técnicas de conservación e medidas técnicas de control), a diferenza das restantes Políticas da CE, non respectan plenamente os principios que conforman o acervo comunitario, dificultando a realización do mercado interior único da pesca.

4. De todos modos, o que a estas alturas resulta máis que evidente é que o sistema actual polo cal a PCP mantén unha serie de importantes derogacións ó réxime común da UE non resultou o máis adecuado para, por un lado, garantir unha pesca sostible e responsable e, por outro, para afondar na construción europea. Se isto é así, xorden serias dúbidas sobre a pertinencia xurídica, socioeconómica e medioambiental de prorrogar unha situación como a presente.

a) Igualdade de acceso ás augas e principios do respecto do acervo comunitario e de legalidade.

1. Fronte á regulación internacional da pesca na ZEE de 200 millas, baseada no principio de exclusividade dos dereitos do Estado ribeirego sobre os recursos vivos (art. 62 da Convención de 1982), o Dereito comunitario inclinouse por unha xestión das pesqueiras que, en harmonía cos principios que informan a UE, se sustenta no aproveitamento común dos recursos e a cooperación baseada na igualdade de acceso dos buques dos diferentes Estados membros ás augas dos demais Estados membros (art. 2 dos Rgts. 2141/70 e 101/76).

2. A aplicación do principio de igualdade de acceso é consecuencia directa do principio de non discriminación por razón da nacionalidade e de igualdade de trato, previsto expresamente no art. 12 CE⁶, e que o TXCE tivo a oportunidade, nunha ampla xurisprudencia, de precisar polo que se refire ás actividades pesqueiras (véxase, entre outras, a Sentencia do TXCE, do

⁴ O art. 6 CE di así: "As esixencias da protección do medio ambiente deberán integrarse na definición e na realización das políticas e accións da Comunidade a que se refire o artigo 3 (entre elas, polo tanto, a PCP), en particular co obxecto de fomentar un desenvolvemento sostible" (as itálicas son nosas).

⁵ Sentencia do TXCE, do 7 de decembro de 1995, Comisión c. Francia, C-52/95, Rec. p.I-4443.

⁶ Di esta disposición "No ámbito de aplicación do presente tratado, e sen prexuízo das disposicións particulares previstas neste, prohibírase toda discriminación por razón de nacionalidade. O Consello, consonte o procedemento previsto no artigo 251, poderá establece-la regulación necesaria para prohibi-las ditas discriminacións".

16 de febreiro de 1978, Comisión c. Irlanda, 61/77, Rec. p. 417), e segundo o cal non só se prohibe a discriminación explícita por razón de nacionalidade, senón tamén toda forma disimulada de discriminación que provoque igual resultado⁷. O dito principio forma parte do acervo comunitario.

3. Este principio supón a igualdade de acceso e de uso a e nas augas comunitarias, polo que tódalas empresas pertencentes a calquera Estado membro teñen dereito á explotación dos recursos marítimos comúns nesas augas. Todo réxime que impida isto atenta directamente contra o **principio do respecto do acervo comunitario** consagrado no artigo 2 do TUE e desenvolvido nos artigos 3 e 43 deste mesmo texto legal. Compete ó TXCE, na súa función de Tribunal Constitucional⁸, protexer e salvagarda-lo dito acervo.

4. Agora ben, diversas razóns derivadas, como é coñecido, da pretensión de lles dar maior importancia ós intereses económicos e sociais das comunidades costeiras levaron a introducir certas derogacións a este principio permitíndolles ós Estados membros controlar unha franxa de augas de 12 millas adxacentes ás súas costas (aínda que respectando os dereitos históricos en relación con determinadas zonas xeográficas e especies), réxime que, en virtude do art. 6.1, do Regulamento 3760/92, viu ampliada a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2002. Pero, ademais, a liberdade de acceso vese restrinxida, en certos casos, polo establecemento dunhas áreas que supostamente se consideran bioloxicamente sensibles, como é o caso do “box” ou couto das Shetland. E, finalmente, desde outra perspectiva xurídica existen, tamén, prohibicións de acceso a certas flotas de Estados membros ó Mar do Norte e ó Mar Báltico.

5. As consecuencias de todo isto son evidentes: durante todos estes anos houbo unha liberdade de acceso ás augas comunitarias, pero non absoluta senón limitada á franxa situada entre as 12 e as 200 millas; ademais existen restricións en áreas xeográficas consideradas bioloxicamente sensibles. Trátase de derogacións que se foron prorrogando sobre a base de disposicións de Dereito derivado: os regulamentos de base relativos á pesca.

6. Disto despréndese que tales derogacións, que introducen un réxime excepcional que se afasta das regras xerais contidas no Dereito comunitario orixinario, non poden ter, lloxicamente, máis que un carácter transitorio e conxuntural. Soste-lo contrario, prorrogar indefinidamente e con carácter xeral tal situación, sería atentar contra os **principios básicos da Orde xurídica comunitaria** e desnaturaliza-lo acervo xurídico comunitario.

7. En efecto, o mantemento indefinido e xenérico de tales derogacións á liberdade de acceso por razóns socioeconómicas ou biolóxicas non pode equivaler a unha modificación dos tratados. Noutros termos, non cabe modificar unha norma constitucional ou de Dereito orixinario mediante un procedemento, como o descrito no artigo 37 CE, que permite ó Consello decidir por maioría cualificada. Se se permitira tal cousa, estariase a vulnerar de maneira aberta e descarnada o **principio de legalidade**. Por iso, sería necesario acudir, en todo caso, a unha revisión do tratado e, xa que logo, a unha decisión adoptada por unanimidade e a uns procedementos xurídicos e políticos complexos e delicados. Agora ben, trataríase, incluso, dunha reforma que, por afectar a un dos principios que conforman o acervo substancial da UE, presentaría serias dúbidas respecto da súa viabilidade constitucional⁹.

8. De aí que, no presente documento, se sosteña que este réxime excepcional debe desaparecer a partir do 31 de decembro de 2002 e que, polo tanto, se debe pasar a aplicar plenamente o **principio de liberdade de acceso** ás augas comunitarias. Non obstante, se polas razóns apuntadas no Libro verde, tal réxime é prorrogado, iso non debería, en ningún caso, significar a súa consagración como sistema xeral, senón que o seu mantemento debería xustificarse en cada suposto concreto sobre razóns non discriminatorias de natureza económica ou biolóxica e nunca sobre criterios políticos ou doutro tipo.

9. Neste sentido, estímase que non toda a franxa das 12 millas serve a obxectivos de protección da pesca artesanal (só se seguen xustificando en determinadas costas e respecto a certas limitadas actividades), nin os chamados “box” ou coutos obedecen sempre a razóns puramente biolóxicas, de maneira que o seu mantemento só debería ser posible baixo recomendación científica e aplicable con carácter xeral a toda a flota comunitaria. Polo que, de manterse estas importantes derogacións, toda interpretación que se faga desta debería, en definitiva, ser sempre restrictiva e non discriminatoria.

⁷ Manifestacións específicas deste principio de non discriminación relacionadas con ámbitos afectados pola PCP encontrámoslas noutros artigos do Tratado CE: arts. 34,2º (PAC), 39,2 (libre circulación de traballadores), art. 43,2º (dereito de establecemento), etc. Polo que se refire á xurisprudencia que desenvolveu no ámbito da pesca este principio, véxanse entre outras, desde o punto de vista da libre circulación de pescadores, STXCE do 14 de decembro de 1989, Agegate, C-3/87, Rec. p.I-4459; desde a óptica da liberdade de establecemento de empresas pesqueiras, STXCE, do 14 de decembro de 1989, Jaderrow, C-216/87, Rec. p.I-4509.

⁸ O proceso de integración europeo xerou un Ordenamento de corte “constitucional” autónomo (como precisa o TXCE, nunha xurisprudencia consolidada, Sentencia do 23 de abril de 1986, “Os Verdes”, 294/83, Rec. p. 1339; Dictames 1/91, do 14 de decembro de 1991, EEE, Rec. p.I-6079; 3/94, do 13 de decembro de 1995, GATT-OMC- Acordo marco sobre os plátanos), onde teñen cabida principios e normas que teñen como destinatarios non unicamente os Estados e as institucións comunitarias, senón que, ademais, afectan ós dereitos e obrigacións dos propios cidadáns comunitarios e están dirixidos a estes, que poden invocalas ante os seus titulares.

⁹ Posto que estes principios integran os “fondaments mêmes da Communauté...”, CRUZ VILAÇA, J. L. e PIÇARRA, N.: “E-a-t-il des limites matérielles à la révision des traités instituant les Communautés européennes?”, Cahiers de Droit Européen, 1993, nº3, p. 29.

b) Criterio de estabilidade relativa e principios de solidariedade e de non discriminación.

1. A PCP está orientada á consecución da estabilidade das actividades relacionadas directa ou indirectamente coa pesca, co obxectivo de protexe-las necesidades das rexións comunitarias cunhas poboacións que dependen en gran medida desta actividade.

2. Razóns de solidariedade xustificaron a incorporación da estabilidade relativa, para evita-la deterioración de certas zonas europeas cunhas poboacións locais que, naquelas épocas, dependían en gran medida da pesca e das actividades conexas.

3. Disposicións de Dereito derivado, especialmente os regulamentos de base da pesca, acolleron este criterio. Así, desde a instauración da “Europa azul”, tívose en conta á hora de fixa-lo reparto das cotas de pesca.

4. Tres elementos foron tomados como referencia para determinar este reparto: as actividades pesqueiras tradicionais, as necesidades das rexións dependentes da pesca e a perda de posibilidades de pesca en terceiros países. O período de tempo que foi utilizado para definir estes elementos foron os anos inmediatos (1973-1978) ó acordo de distribución de cotas de 1982. A conxunción de todo iso deu lugar a unha “fotografía” que se mantivo inalterable a pesar dos anos transcorridos e os grandes cambios operados na realidade socioeconómica europea¹⁰.

5. A prolongación, ano tras ano, desta situación equivale, en suma, a fixar de forma inmutable e permanente o reparto relativo das cotas de pesca entre os Estados membros e, desde esta perspectiva, constitúe, por unha banda, unha barreira á comunitarización dos recursos e, por outra, un **atentado contra o principio de solidariedade** que, precisamente, xustificou, no seu momento, a adopción do criterio de estabilidade.

6. O feito de constituír unha barreira á comunitarización dos recursos significa, tamén, encontrarse ante unha excepción ó **principio de non discriminación** introducida pola vía de Dereito derivado. O que implica o seu carácter precario e a imposibilidade, a todas luces, de definilo como un principio de Dereito comunitario. Deste modo, a estabilidade relativa non pode ser considerada como un principio e si tan só como un criterio de reparto de cotas, un instrumento para asegurar que as actividades exercidas obteñen unha certa estabilidade económica.

7. Ó tratarse, pois, dun instrumento e non dun principio, poderá, non só modificarse, senón que resultará necesario face-lo para poder adaptalo ós cambios que se van producindo na realidade socioeconómica europea, de maneira que se garanta a súa función na liña da aplicación do **principio de solidariedade**.

8. Neste sentido, manter en funcionamento un criterio definido sobre uns datos de hai máis de vinte anos, constitúe claramente unha flagrante violación do **principio de solidariedade comunitaria**.

9. En relación con isto, convén lembrar que o artigo 1 do TUE fixa como misión da UE “organizar de modo coherente e solidario as relacións entre os Estados membros e entre os seus pobos”, con isto destácase un problema de fondo que late-xa na construción europea: os graves desequilibrios rexionais e a posibilidade que os avances en tal construción aumenten as diferencias entre as rexións. Para tratar de evitar este fenómeno, insítese no propósito de acrecenta-la solidariedade e instáurase unha política rexional que posibilite a realización da cohesión económica e social e a solidariedade entre os Estados membros (art. 2 CE).

10. Polo tanto, a futura PCP debería acoller este **principio de solidariedade**, de maneira que o seu funcionamento, os seus instrumentos e mecanismos non acrecenten os desequilibrios rexionais, senón que, pola contra, actúen como elemento de equilibrio e solidariedade das rexións europeas. Neste sentido, debería ter en conta o desenvolvemento socioeconómico das distintas rexións europeas, pois manter hoxe en día referencias que puideron ser válidas hai vinte anos non só é un anacronismo, senón un grave obstáculo á cohesión económica e social e á solidariedade europea. En efecto, como o propio Libro verde reconece, o mapa das rexións cunha gran dependencia da pesca modificouse considerablemente.

11. Por estas razóns, sostense, no presente documento, que o **principio de solidariedade** impón, con ocasión da revisión da PCP, un detallado exame do criterio de estabilidade relativa. Este exame debe partir da necesaria natureza dinámica de tal criterio e da súa necesaria adaptación ás situacións cambiantes nas rexións. Posto que se o seu obxectivo é salvagardar-las especiais necesidades das rexións cunhas poboacións locais que dependen en gran medida da pesca e das actividades conexas, non hai dúbida ningunha de que estas non son xa as mesmas que daquela. De aí a necesidade de precisar, primeiro, que

¹⁰ Unha aplicación xurisprudencial desta “fotografía” encontrámola, por exemplo, na Sentencia do TXCE do 13 de outubro de 1992, España c. Consello, C-71/90, Rec. p.I-5179.

se entende por “rexión cunha poboación que depende en gran medida da pesca e das actividades conexas”, para determinar, logo, en qué medida o reparto dos recursos, sobre a base do criterio de estabilidade relativa, entre Estados membros é o mellor instrumento para lles dar maior estabilidade económica a tales rexións.

c) Sistema de xestión dos recursos e principios de non discriminación, liberdade de establecemento e libre circulación de capitais.

1. O sistema actual de xestión dos recursos pesqueiros apóiase, esencialmente, na determinación dos niveis básicos de capturas de poboacións determinadas e durante un período de tempo dado (os TAC), e a súa distribución entre os diferentes Estados membros en forma de cotas nacionais. Tamén, e polo que se refire ás augas occidentais da UE, se aplica un réxime de esforzo pesqueiro.

2. A utilización deste sistema, inspirado no artigo 61 da Convención de 1982, tivo, sen dúbida, consecuencias benéficas para a conservación e xestión dos recursos pesqueiros comunitarios, pero tamén significou un reparto destes sobre criterios nacionais e, consecuentemente, provocou e provoca unha compartimentación do mercado interior único, frea a mobilidade dos factores de produción neste e limita a liberdade de establecemento e a libre circulación de capitais, polo que, agora, resulta perentorio formularse a cuestión de se se debe continuar con este sistema e se, en caso de mantelo, non se deberían introducir certas modificacións nel.

3. Sobre os inconvenientes que tal sistema presenta, hai que salientar que a nacionalización *de facto* que ocasiona é, como se ve frecuentemente, xeradora de tensións entre os Estados membros, e fixo que as empresas se aliñen de acordo coa súa nacionalidade; isto dificulta a cooperación entre elas e a creación de empresas eficientes a escala comunitaria, e limita, ademais, as súas capacidades de racionaliza-las súas actividades e de reestructura-los seus custos de produción. Por outro lado, este sistema favorece, en moitas ocasións, as empresas menos capaces, ó poñelas a resguardo do libre xogo do comercio e da competencia neste sector.

4. Unha das consecuencias máis graves derivadas desta perspectiva nacional foi a vontade mostrada por certos Estados membros de reservar exclusivamente as cotas que lles corresponden para as súas nacionais. E, para isto, endureceron nas súas lexislacións as vías de acceso a estas, esixindo unha “relación auténtica” entre o buque e o Estado de pavillón e un “vínculo económico real” entre o dito buque e o Estado titular da licenzia.

5. Tales esixencias levaron a considerar que unha transacción comercial, pola que un produtor que é propietario dun buque abandeirado nun determinado Estado membro e que actúa ó abeiro dunha licenzia ou cota de pesca vende libremente este activo a outro produtor doutro Estado membro, que aproveita desta maneira unha oportunidade que a economía libre de mercado lle oferta xuridicamente nel, non constitúe unha práctica conforme ó Dereito comunitario e si unha burla do sistema de cotas. De xeito que para evitar esas prácticas ou “burlas” introduciron certas condicións de matriculación do buque que dificultan o **libre establecemento de empresas** nos ditos países e o abandeiramento neles dos seus buques. O que, como é coñecido, xerou un contencioso importante que acabou ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, que estableceu a incompatibilidade da dita normativa nacional co Dereito comunitario¹¹.

6. Por outro lado, sobre a escusa de que sexan as poboacións que dependen da pesca as que se benefician, unicamente, das posibilidades de pesca abertas por tales cotas, certos Estados introduciron, para concede-las licenzias de pesca, unhas condicións destinadas a demostrar que o buque ten un vínculo económico real con eses Estados. Tales medidas, que conteñen **restriccións á libre circulación de traballadores, á libre circulación de mercancías** e, en fin, dificultan a **liberdade de actuación das empresas comunitarias**, constitúen un serio obstáculo á realización do mercado interior único da pesca e deben ser obxecto dunha interpretación restrictiva na liña do apuntado polo Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas na súa xurisprudencia¹².

7. En relación con isto, afirmase, no presente documento, que de manterse o actual sistema de xestión mediante TAC e cotas nacionais, tal sistema debería desenvolverse sobre **criterios non discriminatorios por razón de nacionalidade e que non dificultasen a liberdade de establecemento e a libre circulación de capitais**. Neste sentido non debería permitirse que os Estados utilizasen criterios de estricta nacionalidade para distribuí-las súas posibilidades de pesca, de maneira que dentro da dita cota puideran rexer, deste modo, as normas que gobernan o libre mercado.

8. Pero, ademais, e desde outra perspectiva, a rixidez do sistema de TAC anuais e por especies e a fixación de TAC cautelares levou a unha carreira por pescar e incentivou o desenvolvemento dun alto esforzo de pesca coa finalidade de acadala

¹¹ Sentencias do TXCE do 21 de xullo de 1991, Factortame II, C-221/89, Rec. p.I-3905; do 5 de marzo de 1996, Factortame III, C-46/93 e 48/93, Rec. p.I-1029; do 4 de outubro de 1991, Comisión c. Reino Unido, C-246/89, Rec. p. I-4585.

¹² Sentencia do TXCE, do 14 de decembro de 1989, Jaderrow, C-216/87, Rec. p.4509.

máxima rendibilidade económica a curto prazo, incrementando os descartes e descoidando os medios de pesca utilizados, e provocando, tamén, a conflictividade entre flotas. Tal situación entra en colisión co **principio de desenvolvemento sostible** consagrado no artigo 6 CE.

9. Trataríase, desde a perspectiva defendida no presente documento, de que, con ocasión da revisión da PCP, se introduzan mecanismos de flexibilización deste sistema, que permitan desenvolver unha pesca sostible e responsable. Neste sentido, por un lado, e fronte ó réxime anual e por especies, sería conveniente establecer, cando fora factible, plans de xestión plurianuais e multiespecíficos, na liña xa avanzada no propio Libro verde. Por outro lado, debería xeneralizarse o sistema de xestión do esforzo pesqueiro, estendéndoo a aquelas augas onde biolóxicamente sexa posible e mellorando, para iso, a súa aplicación, sobre todo, polo que se refire ó cómputo do esforzo de pesca. E, finalmente, debería conciliarse o actual sistema de TAC e cotas nacionais coa introducción progresiva dun sistema de cotas, de captura ou de esforzo, individuais transferibles, particularmente polo que se refire á flota industrial de altura e en pesqueiras nas que existe un número limitado de especies obxectivo, posto que este sistema de xestión coaduxaría a unha maior corresponsabilización do pescador, ó facer seu o dereito de pesca, e contribuiría a un axuste da flota ós recursos dispoñibles, ó poder transferir-las posibilidades de pesca das unidades menos eficientes ás máis eficientes.

10. En definitiva, o sistema de xestión dos recursos pesqueiros que se adopte trala revisión da PCP non pode constituir un obstáculo á mobilidade dos bens de produción que son os buques no espazo comunitario e á posibilidade de que as empresas pesqueiras adquiran unha dimensión comunitaria. De aí que se sosteña a necesidade de corrixi-lo sistema actual de TAC e cotas nacionais na liña dun respecto absoluto dos **principios de non discriminación, libre prestación de servizos, liberdade de capitais e desenvolvemento sostible**.

d) Toma de decisións, participación dos cidadáns e principios de atribución de competencias, de subsidiaridade, de autonomía institucional e procedementa e de transparencia

1. No Libro verde denúnciase como, desde o punto de vista político, os interesados non se senten suficientemente asociados á xestión da política pesqueira e que tomar decisións a escala comunitaria non é sempre a forma máis indicada para responder ás necesidades derivadas da aplicación da PCP. En relación con isto e desde distintos sectores, mencionouse tamén a necesidade de aplicar neste ámbito o **principio de subsidiaridade**; así mesmo, adiantouse a conveniencia de introducir un sistema de xestión descentralizada rexional ou zonal, un sistema de comités consultivos rexionais, etc.

2. No presente documento discrépase profundamente con esta interpretación posto que, por un lado, nela confúndense nocións independentes como son as de subsidiaridade, descentralización e transparencia; e, por outro, con ela prodúcese unha compartimentación territorial das augas comunitarias ó tempo que se lle dá entrada a unha noción especialmente preocupante en Dereito do Mar como é a da existencia dun “interese especial” por parte do Estado (rexión) ribeirego, o que entra en contradición coa existencia dunha Política Común da Pesca e atentaría contra o **principio de atribución de competencias** enunciado no parágrafo primeiro do artigo 5 CE¹³, e contra os seus efectos, en particular, o fenómeno de desposuímento que comportan, para os Estados membros, as atribucións conferidas á Comunidade, tal e como o TXCE consagrou na súa xurisprudencia¹⁴.

3. Pero, ademais, carece de sentido evocar-lo **principio de subsidiaridade** en sede dunha política común como é a PCP. Neste sentido, convén recordar, en primeiro lugar, que este principio, recollido no parágrafo 2 do artigo 5 CE¹⁵ e desenvolvido no Protocolo 14 anexo ó TUE, é un principio que se refire exclusivamente ó exercicio das competencias e non á atribución destas. Noutras palabras, só cando haxa competencias atribuídas á Comunidade entrará en xogo este principio para dicirnos quen, a Comunidade ou os seus Estados membros, é competente para exercitalas. Agora ben, e en segundo lugar, tal principio non se aplica a calquera tipo de competencias, senón que o seu campo de actuación se reserva, única e exclusivamente, a competencias compartidas e de ningunha maneira pode aplicarse ós casos nos que a competencia resida con carácter exclusivo na Comunidade, como é o caso da política de conservación e xestión dos recursos pesqueiros. En fin, que o principio de subsidiaridade só actúa nas relacións Comunidade-Estados membros e foi excluída a súa utilización ou o seu eventual control por outros niveis de poder como o rexional ou o local.

4. A definición da PCP, como Política común que é, corresponde exclusivamente ás institucións comunitarias, onde están representados os distintos intereses que conforman a UE. Considerar que tal competencia debe ser exercida por outros

¹³ Di este apartado do art. 5 CE, “A Comunidade actuará dentro dos límites das competencias que lle atribúe o presente tratado e dos obxectivos que este lle asigna”. STXCE, do 15 de xullo de 1964, Costa c. ENEL, 6/64, Rec. p. 1159; STXCE, do 13 de xullo de 1972, Comisión c. Italia, 48/71, Rec. p. 534.

¹⁴ A título ilustrativo, Sentencias do TXCE, do 14 de decembro de 1971, Comisión c. Francia, 7/71, Rec. p. 1003; do 5 de maio de 1981, Comisión c. Reino Unido, 804/79, Rec. p. 1045.

¹⁵ Art. 5, apdo. 2 CE, “Nos ámbitos que non sexan da súa competencia exclusiva, a Comunidade intervirá conforme ó principio de subsidiaridade, só na medida en que os obxectivos da acción pretendida non poidan ser alcanzados de maneira suficiente polos Estados membros, e, por conseguinte, poidan lograrse mellor, debido á dimensión ou ós efectos da acción considerada, a escala comunitaria”.

niveis de poder significaría renacionalizar esta política, o que só podería facerse mediante unha revisión do tratado e, polo tanto, precisaría o consentimento unánime de tódolos Estados membros. Cuestión distinta é a da súa aplicación ou execución, pois neste caso si que cabería falar de descentralización, aínda que hai que advertir que isto é o que se produce na actualidade, posto que as políticas comunitarias son aplicadas polas administracións nacionais (centrais, rexionais, locais...).

5. En canto á execución administrativa das medidas relativas á PCP polos Estados membros, rexe o **principio de autonomía institucional e procedemental** (apartado 3 do artigo 6 do TUE), o que significa que corresponde ó Dereito interno de cada Estado membro determina-lo órgano competente e o procedemento e a forma que ha de utilizar¹⁶.

6. Aspecto diferente, tamén, é o de posibilitar que os interesados e os expertos científicos poidan influír na definición desta política e sexan tidos ó corrente, de maneira clara e transparente, sobre as súas razóns e os seus desenvolvementos. Polo que se refire á primeira necesidade, habería que recordar que o sistema comunitario incorpora unha serie de mecanismos, denominados comités ou grupos de traballo, onde poden estar representados os intereses das administracións rexionais e nacionais, así como os do sector pesqueiro. Trataríase, pois, en tal caso, de reforza-las súas capacidades, tanto no marco da Comisión coma do Consello da UE. Polo que respecta á segunda cuestión, merece destacarse o **principio de transparencia**, consagrado constitucionalmente no parágrafo 2 do artigo 1 do TUE, onde se indica que as decisións da Unión deberán ser tomadas, non só o máis cerca posible dos cidadáns, senón tamén da maneira o máis abertamente posible; en complemento disto establécese un novo dereito fundamental do cidadán comunitario, así como das persoas físicas e xurídicas que residen dentro da Comunidade: o dereito a acceder ós documentos das institucións comunitarias (artigo 255 CE e artigo 42 da Carta dos Dereitos fundamentais da Unión Europea, do 7 de decembro de 2000). Trataríase, en suma, de facilita-la plena aplicación deste principio na futura PCP, o que significaría, xunto á súa aplicación descentralizada, mellora-la súa gobernanza na liña apuntada no Libro branco da Comisión, do 25 de xullo de 2001.

e) Medidas técnicas de conservación e principio do desenvolvemento sostible.

1. O Libro verde destaca a necesidade de que sexan adoptadas medidas técnicas máis estrictas para protexe-los xuvenís e reduci-los descartes, así como o emprego de métodos de pesca menos nocivos para o medio ambiente. Sinala, en suma, que as medidas técnicas deberían ter máis en conta a dimensión medioambiental. Con isto ponse de relevo a importancia que ten, tamén, o **principio do desenvolvemento sostible** neste ámbito da PCP.

2. Agora ben, sen descoñece-la transcendental importancia deste principio que nos achega, por outro lado, a nocións elaboradas no marco da FAO, como son as da pesca responsable e sostible, hai que recordar que a súa aplicación concreta e, en particular, a do enfoque precautorio ou cauteloso, á pesca¹⁷, debe sustentarse nunha avaliación científica obxectiva e as medidas a que dea lugar deben ser proporcionadas, non discriminatorias, coherentes e revisables.

3. Noutros termos, por un lado debería mellorarse a información científica, o que esixe unha maior colaboración cos científicos e investigadores nestas materias e, por outro, deberían terse en conta as repercusións económicas e sociais que esta dimensión conservacionista produce no sector e nas economías das poboacións dependentes da pesca, de maneira que se busque un equilibrio entre os intereses medioambientais e pesqueiros.

f) Medidas técnicas de control e principios de suficiencia de medios e de cooperación leal.

1. O sistema de control comunitario, o bo funcionamento do cal é fundamental para lograr unha eficaz política de conservación e xestión dos recursos pesqueiros, presenta na actualidade graves deficiencias, debidas, algunhas delas, á falta de medios humanos e materiais por parte dos servizos da Comisión para desenvolver estas actividades, e motivadas, outras, pola ausencia de coordinación entre as autoridades responsables dos Estados membros entre si e cos servizos da Comisión, polo que se refire ás medidas concretas de control e ás eventuais sancións.

2. En relación con isto, non se pode menos que coincidir co xuízo formulado no Libro verde, segundo o cal cómpre avanzar na coordinación das políticas nacionais de control, na harmonización das sancións por incumprimento das normas de pesca, na admisibilidade como medio de proba por parte de tódolos Estados membros dos informes elaborados polos inspectores comunitarios e nacionais e na transparencia das medidas adoptadas en resposta ás infraccións.

3. Agora ben, para iso cómpre fortalece-la estrutura comunitaria de inspección e reforza-la cooperación entre as inspeccións nacionais e comunitarias. Neste sentido, a futura PCP, inspirada no **principio da suficiencia de medios** proclamado no apartado 4 do artigo 6 do TUE, e consonte o cal “a Unión será dotada dos medios necesarios para acadar-los seus obxec-

¹⁶ Sentencias do TXCE, do 15 de decembro de 1971, International Fruit Company, 51 a 54/71, Rec. p. 1107; e do 11 de febreiro de 1971, Fleischkontor, 39/70, Rec. p. 49.

¹⁷ STXCE, do 24 de novembro de 1993, Mondiet, C-405/92, Rec. p.I-6133.

tivos e para levar a cabo as súas políticas¹⁷, debería tender cara a unha inspección pesqueira exercida directamente pola Comisión e dotada, para iso, do persoal axeitado e dos medios materiais necesarios para tal función.

4. Ademais, esta futura política, debería, sobre a base do principio de cooperación leal, recollido no artigo 10 CE, fundamentarse na estreita colaboración das administracións dos Estados membros entre si e coa Comisión europea, co fin de colaborar, por un lado, nas funcións de inspección, facilitando a actuación dos inspectores comunitarios e, por outro lado, en harmoniza-las medidas sancionadoras establecidas en cada un dos seus Dereitos internos, de maneira que se asegure o efecto útil das disposicións comunitarias na materia¹⁸.

B) PRINCIPIOS DA UE E CONSERVACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS PESQUEIROS EXTERNOS.

a) A Política exterior pesqueira como compoñente da acción exterior da UE e os principios de progresividade, atribución de competencias, coherencia, articulación, suficiencia de medios e cooperación leal.

1. A competencia exclusiva da Comunidade Europea en materia de conservación e xestión dos recursos pesqueiros non se limita ás augas marítimas baixo xurisdicción ou soberanía dos seus Estados membros, senón que se estende tamén ás actividades de pesca dos pescadores e dos barcos de pesca dos Estados membros, en augas de terceiros Estados ou no mar aberto¹⁹.

2. En desenvolvemento desta competencia e para poder facer fronte á evolución do Dereito internacional da pesca, a Comunidade forxou unha política exterior pesqueira. A asunción de responsabilidades internacionais permitiulle, por un lado, estar presente nos grandes debates internacionais onde se escenificou e concretou xuridicamente o novo Ordenamento internacional da pesca²⁰, defendendo a súa posición de ente de pesca a distancia fronte ás reivindicacións cada vez máis ousadas de certos Estados ribeiregos, dotados de grandes fachadas oceánicas, favorables á expansión das súas xurisdicións. E, por outro, negociar acordos de pesca con terceiros Estados e participar en Organizacións rexionais de pesca (ORP), encargadas da conservación e xestión dos recursos pesqueiros de mar aberto, co fin de seguir mantendo en actividade a flota comunitaria e abastece-lo mercado europeo da pesca.

3. Esta Política exterior pesqueira non é só e exclusivamente a dimensión internacional da PCP, senón tamén un dos elementos que mellor definen actualmente a personalidade xurídica internacional da Comunidade Europea e permiten realizar un dos obxectivos fundamentais da UE, enunciado no artigo 2 do TUE, isto é, o de afirma-la súa identidade no ámbito internacional. Neste sentido, non hai dúbida ningunha de que a presenza da Comunidade nas Conferencias internacionais sobre o Dereito do Mar e da pesca, a negociación dos acordos e convenios multilaterais, o desenvolvemento dunha amplísima política convencional pesqueira e a súa presenza como membro de pleno dereito en organizacións rexionais de pesca, constitúen un dos maiores avances na proxección internacional da construción europea. De maneira que a política exterior pesqueira se converteu nun dos compoñentes esenciais da acción exterior da UE, xunto á PESC, a política comercial común e a política comunitaria de cooperación ó desenvolvemento.

4. De aí que toda revisión da PCP deba partir dun feito incuestionable, a política exterior pesqueira axudou á Comunidade a obte-lo recoñecemento universal da súa personalidade xurídica internacional, reforzando o seu papel de actor na escena internacional. De maneira que toda reforma que supoña unha erosión destas competencias internacionais atenta directamente contra o **principio de progresividade** que inspira toda a construción europea e que se proclama no artigo 1 do TUE, así como contra o **principio de atribución de competencia**, recollido, como se vía, no parágrafo 1 do artigo 5 CE e que forma parte do acervo substancial comunitario.

5. Pero, ademais, ó constituí-la política exterior pesqueira un elemento esencial da acción exterior da UE, o seu desenvolvemento debe inspirarse no respecto dos **principios de coherencia e de articulación** que gobernan a acción exterior euro-

¹⁸ Segundo a xurisprudencia do TXCE, este principio de cooperación leal ou de lealdade comunitaria establece a obrigação para os Estados membros non só de respecta-lo Dereito comunitario, senón tamén de face-lo necesario para asegura-lo efecto útil das súas disposicións, adoptando as correspondentes medidas administrativas e, se é o caso, normativas, para a súa execución (véxase, entre outras, a Sentencia do 17 de decembro de 1970, Scheer, 30/70, rec. p. 1197).

¹⁹ A xurisprudencia comunitaria é clara na materia, véxase, a título ilustrativo, a Sentencia do TXCE, do 19 de marzo de 1996, Comisión c. Consello, C-25/94, Rec. p.I-1469.

²⁰ A participación da UE no proceso de cambio do Dereito da pesca foi moi activa, deste modo negociou e asinou a Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar de 1982, en vigor desde 1994 e da que é parte ó depositar, en 1998, o seu instrumento de confirmación formal (Decisión do Consello, do 23 de marzo de 1998, DOCE n.º L, 23.06.1998, p.1). Ademais, interveu e intervéu na negociación doutros textos internacionais que están marcando a evolución do Dereito do Mar neste ámbito, así, por citar algúns exemplos: o Acordo de Nova York sobre a aplicación das disposicións da Convención de 1982, relativas á conservación e ordenación das poboacións de peixes transzonais e as poboacións de peixes altamente migratorias, de 1995 (Decisión do Consello, do 8 de xuño de 1998, DOCE n.º L 189, 03.07.1998, p.14); o Acordo para promover a aplicación das medidas internacionais de conservación e ordenación polos buques pesqueiros que pescan en mar aberto, aprobado pola Conferencia da FAO en 1993 (Decisión do Consello, do 25 de xuño de 1996, DOCE n.º 177, 16.07.1996, p.24); o Código de conduta para unha pesca responsable, aprobado pola Conferencia da FAO en 1995; ou, en fin, o Plan de acción de loita contra a pesca ilegal, non declarada ou non regulamentada, aprobado

pea. Polo que se refire ó primeiro, o artigo 3 do TUE afirma que a Unión velará por mante-la coherencia do conxunto da súa acción exterior, o que significa que as dimensións exteriores das distintas políticas comunitarias e intergubernamentais deben ser coherentes. En canto ó segundo, formulado, entre outras disposicións, no artigo 178 CE, significa que a Comunidade deberá ter en conta os obxectivos de cooperación ó desenvolvemento nas políticas que aplique e que poidan afectar ós países en desenvolvemento.

6. Iso require, non se debe de esquecer, que á hora de participar nas relacións pesqueiras internacionais, a UE non o fai tan só como un dos entes pesqueiros máis importantes do mundo, senón que tamén o fai como o principal interlocutor comercial mundial, dotado dunha política comercial común, e como o principal contribuínte en axuda oficial ó desenvolvemento, canalizada a través dunha política comunitaria de cooperación ó desenvolvemento que polas súas características non ten equivalente noutras organizacións internacionais ou noutros Estados industrializados. Estas tres dimensións deben articularse de maneira que permitan unha acción exterior coherente da UE no escenario internacional pesqueiro.

7. Para poder levar a cabo esta política exterior da pesca, a UE debeu crear e desenvolver unha complexa estrutura xurídico-institucional que precisa de medios materiais e humanos suficientes, o que, sen embargo, non se dá na actualidade. De maneira que toda revisión da PCP debería, desde a óptica do **principio de suficiencia de medios** (artigo 6,4º TUE) e do **principio da cooperación leal** (artigo 10 CE), mellora-la dotación humana e material comunitaria para que poida facer fronte ós desafíos internacionais pesqueiros, desenvolve-la súa política convencional pesqueira e participar cun peso real e efectivo nas ORP, contando para isto, ademais, coa colaboración leal das administracións dos Estados membros.

8. Neste sentido, a futura PCP debería considerar como prioridade o establecemento dunha estratexia e un equipo negociador adecuado e dotado dos medios xurídicos pertinentes para defende-lo actual equilibrio establecido entre os intereses dos Estados ribeiregos e os de pesca a distancia, pola Convención de 1982 e o Acordo de Nova York de 1995, fronte ás iniciativas, antes apuntadas, de certos Estados ribeiregos, e manterse sempre como “obxector persistente” fronte a todo intento de creación, por vía consuetudinaria, dunha norma internacional que acolla as xurisdicións dos Estados ribeiregos²¹.

b) A cooperación bilateral (os acordos internacionais de pesca) e os principios de atribución de competencias, legalidade, suficiencia de medios, articulación e desenvolvemento sostible

1. A redución das posibilidades de pesca da flota comunitaria fóra das súas augas xurisdiccionais, como consecuencia do establecemento xeneralizado, a partir da década dos setenta, das Zonas Económicas Exclusivas (ZEE), levou a CE, en sintonía coa normativa xurídico internacional, a despregar unha activa política convencional pesqueira destinada a permitir que a súa flota tivera acceso ó excedente de capturas permisibles dos países ribeiregos mediante acordos de pesca²².

2. O acceso ós excedentes dos países ribeiregos que facilita estes acordos de pesca é obxecto dunha contraprestación por parte da Comunidade; a natureza desta permite diferencia-los acordos concluídos pola CE en ata tres xeracións de acordos; pero, o que teñen todos en común é que, como non podía ser menos, custan diñeiro á UE. Iso levou a certos Estados membros a soste, por un lado, a conveniencia de abandonar esta política convencional pesqueira e a que os futuros acordos non sexan xa negociados pola Comisión senón polo ou polos Estados membros a cargo exclusivo dos cales correría a compensación; e, por outro lado, a defender un trato diferenciado respecto dos acordos asinados con países do Norte e con países do Sur. Tampouco faltaron críticas contra estes acordos, ós que se xulgou prexudiciais para os países en desenvolvemento por non atenderen as necesidades das súas economías e por non seren sensibles ás esixencias medioambientais.

3. No presente documento rexéitanse estas críticas e posturas e apóstase firmemente por unha política convencional pesqueira global, fundamentada na competencia exclusiva da CE, respectuosa do medio ambiente e dunha pesca responsable e atenta ás necesidades dos países non desenvolvidos.

4. Esta tese inspírase na aplicación a esta dos **principios de atribución de competencias, suficiencia de medios, articulación de políticas e desenvolvemento sostible**.

5. Desde os anos setenta a CE goza de competencia exclusiva internacional en materia de conservación e xestión dos recursos pesqueiros; a xurisprudencia comunitaria fíxose claramente eco dela²³, e a práctica ofrece preto de trinta acordos internacionais de pesca concluídos ata o presente. Defende-la renacionalización desta política, a devolución de competencias

²¹ Na liña do que a CE declarou no seu Instrumento de confirmación formal da Convención de 1982, onde manifesta a súa oposición a “toda declaración ou toma de posición que exclúa ou que modifique o alcance xurídico das disposicións da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, especialmente as relativas ás actividades de pesca. En particular, a Comunidade considera que a Convención non recoñece o dereito e a xurisdición do Estado ribeirego polo que se refire á explotación, a conservación e a xestión dos recursos pesqueiros distintos das especies sedentarias máis alá da zona económica exclusiva.

²² Véxanse artigos 56, 61 e 62 da Convención de 1982.

²³ Véxanse, entre outras sentencias do TXCE, as Sentencias do 14 de xullo de 1976, Kramer, 3,4 e 6/76, Rec. p. 1279; do 16 de febreiro de 1978, Comisión c. Irlanda, 61/77, Rec. p. 417; do 25 de xullo de 1991, Comisión c. España, C-258/89, Rec. p. I-3979).

ós Estados en materia de celebración de acordos de pesca, constitúe un ataque frontal ás competencias atribuídas á CE na materia e, conseguintemente, significa descoñece-lo valor constitucional que no proceso de construción europea ten o **principio de atribución de competencias**. De todas formas, calquera modificación deste alcance e natureza precisaría, a todas luces, unha revisión non da PCP, senón da propia Constitución europea, isto é, dos tratados constitutivos; o contrario significaría un atentado ó **principio de legalidade**.

6. Polo que se refire ás críticas relativas ó elevado custo desta política convencional e ós seus efectos prexudiciais para o desenvolvemento e o medio ambiente, convén recordar ante todo que aínda que custa diñeiro, o certo é que, a cambio, se obteñen notables beneficios para a UE, posto que permite manter en actividade á flota pesqueira comunitaria, supón postos de traballo e garante o aprovisionamento do mercado comunitario, deficitario en produtos da pesca, como reflicte o dato de que a dependencia externa da UE respecto destes alcanza un 54%.

7. Pero, ademais, e desde a perspectiva do desenvolvemento e do medio ambiente, hai tamén que recordar que para os terceiros países os beneficios derivados dos acordos de pesca son moi importantes, dado que a contraprestación comunitaria permite non só a realización de proxectos de desenvolvemento no sector pesqueiro, senón tamén o logro dun mellor coñecemento do estado dos recursos pesqueiros e o establecemento dun control máis eficaz das actividades pesqueiras exercidas nas súas augas. Todo isto produce unha incidencia importante no sector do emprego local, tanto a bordo dos buques coma en terra.

8. Estreitamente conectado con esta cuestión está o **principio de articulación das políticas comunitarias**, que vén, sen dúbida, a impulsa-los acordos internacionais de pesca cos países do Sur, no sentido de que a PCP na súa dimensión internacional pode ter un influxo moi positivo na cooperación ó desenvolvemento dos países ribeiregos pobres, tal e como ademais vén sucedendo na realidade, como se recoñece nos foros paritarios ACP-UE no marco dos Convenios de Lomé e, hoxe en día, do Acordo de Cotonú, onde estes acordos son postos como modelo de cooperación ó desenvolvemento pola súa previsibilidade, contractualidade e entidade económica.

9. Por estas razóns, sostense, no presente documento, que a futura PCP debería reforza-las relacións convencionais pesqueiras cos países non desenvolvidos, o seu contido debería ter en conta esta dimensión de cooperación ó desenvolvemento, pero sobre todo, desde unha perspectiva de instrumento de cooperación ó desenvolvemento máis que de mecanismos de financiamento ó desenvolvemento, posto que o financiamento ó desenvolvemento xa procede dos fondos comunitarios establecidos para o efecto e, moi particularmente, do Fondo Europeo de Desenvolvemento. Noutros termos, estes acordos, que non deixan de ser acordos comerciais, poden ser un efectivo instrumento de cooperación ó desenvolvemento, pero non poden substituí-los fondos comunitarios para o desenvolvemento.

10. Por outra parte, estamos ante acordos internacionais e como tales presúmese que se conclúe sobre a base do interese mutuo de ámbalas partes e non se impón a ningunha delas, dentro, ademais, do respecto tanto dos principios xerais relativos á explotación racional dos recursos pesqueiros coma dos dereitos dos Estados ribeiregos e, se é o caso, tamén das ORP. E, neste sentido, estes acordos ofrecen unha transparencia polo que se refire á pesca responsable e sostible da que carecen a maior parte dos denominados acordos privados, pois, nestes casos, asístese a prácticas pouco respectuosas co estado dos recursos ó abeiro de lexislacións interna permisivas e prácticas administrativas nacionais pouco esixentes ou corruptas. De aí que unha correcta aplicación do **principio de desenvolvemento sostible** se incline por unha política convencional pesqueira, en lugar dunhas prácticas privadas dificilmente controlables. Neste sentido, o propósito, anunciado no Libro verde da Comisión, de substituí-la flota comunitaria pola flota do país ribeirego, podería ter en realidade un efecto nefasto sobre o medio ambiente e sobre o desenvolvemento destes países, ó ocupar en realidade o seu lugar flota de terceiros países, menos escrupulosa cá comunitaria, e flota cuberta por acordos privados.

11. En relación con isto rexéitase, ademais, calquera diferenciación entre os acordos cos países nórdicos e bálticos e os acordos cos países do Sur, avanzada no Libro verde pola Comisión. No seu lugar propónse unha política convencional pesqueira global e coherente, sustentada na igualdade de trato ás flotas que operan en todos estes acordos, tanto polo que se refire á posibilidade de utiliza-las cotas excedentarias coma polo que se refire ó pagamento de canons para utiliza-las posibilidades de pesca. Esta Política debería cubrir tanto os acordos de primeira e segunda xeración coma os de terceira, adaptándoos ás distintas condicións que ofrecen os terceiros Estados. En efecto, baixo os primeiros tipos de acordo desenvolven as súas actividades un sector importante da flota comunitaria e resulta necesario mantelos e prorrogalos. En canto ó terceiro tipo, todo apunta á súa atracción polos países cos que a CE mantén relacións pesqueiras, sobre todo para aqueles que teñen ou desexan ter un sector pesqueiro propio.

12. Respecto deste modelo de acordo, que tende a integra-los intereses pesqueiros comunitarios cos intereses do terceiro Estado, a aplicación do **principio de articulación das políticas comunitarias e do principio de coherencia da dimensión internacional das políticas comunitarias**, avoga pola coordinación entre a PCP e a política comercial común na súa dimensión internacional, para sometelos ás mesmas normas internacionais do comercio cás restantes actividades productivas,

sustentadas na cooperación internacional e na busca da protección e seguridade xurídica dos investimentos comunitarios no desenvolvemento destes acordos.

13. É, por outra parte, no camiño aberto por esta política convencional pesqueira, que se desenvolveu a práctica das empresas pesqueiras mixtas, que na actualidade constitúe un elemento relevante das actividades do sector pesqueiro comunitario e un factor importante de cooperación, como evidencia o seu establecemento en máis de 20 países. En relación con isto, cómpre mellora-lo seu tratamento para evita-lo desarraigo das empresas comunitarias que participan no capital destas empresas mixtas e que aínda seguen radicadas naquelas poboacións costeiras comunitarias altamente dependentes da pesca e, ademais, faise imprescindible previ-la cobertura dos importantes riscos empresariais ós que estas empresas se enfrontan. De modo que se sostén, no presente documento, desde a óptica do **principio de articulación das políticas comunitarias**, a conveniencia de que a futura PCP integre estas empresas dentro do seu ámbito de aplicación e, desde a perspectiva do **principio de coherencia da acción exterior da UE**, que se mellore a protección destas fronte a unha serie de incertezas de natureza máis política que comercial, que debería encontra-la oportuna resposta “política” da UE.

c) A cooperación internacional multilateral (a participación en organizacións rexionais de pesca) e os principios de atribución de competencias, suficiencia de medios, coherencia, articulación e desenvolvemento sostible.

1. A evolución do Dereito da pesca levou a unha redución do principio de liberdade de pesca, tanto desde unha perspectiva material, pois reduciuse o espazo de mar aberto, coma xurídica, posto que a liberdade de pesca en mar aberto non é absoluta, senón que se encontra limitada por unha serie de obrigacións, entre outras e polo que agora interesa, a de cooperar con terceiros Estados e organizacións internacionais no que se refire á conservación e xestión dos recursos contidos nestas augas.

2. Neste sentido, convén recordar que a CE desde o primeiro momento privilexiou a cooperación institucionalizada neste espazo mariño, a través do pulo, ou, se é o caso, establecemento de organizacións internacionais encargadas tanto de conservar e xestiona-los recursos existentes en determinadas zonas cubertas por estas augas coma dedicadas á investigación e exploración científica mariñas.

3. A importancia desta cooperación institucionalizada aumenta a medida que se incrementa o esforzo pesqueiro mundial e se lle presta maior atención á xestión das especies migratorias e das poboacións que se encontran a cabalo entre augas xurisdiccionais e internacionais, isto é, especies transzonais. E a medida, tamén, que os incidentes se multiplican como consecuencia das reivindicacións de certos países ribeiregos dun “interese especial” sobre as augas de mar aberto adxacentes ás súas ZEE, o que se plasma na adopción de medidas unilaterais relativas a dificultades de acceso ós portos, trabas ó investimento, frustramento, etc.²⁴. En fin, esta importancia ponse, igualmente, de relevo ó presenciarse como, polas fendas ou zonas grises deixadas pola normativa internacional pesqueira, se está desenvolvendo unha pesca ilegal moi prexudicial para a pesca responsable e sostible.

4. En relación con iso, sostense, no presente documento, que as ORP constitúen un instrumento eficaz para unha xestión responsable dos recursos pesqueiros e un mecanismo idóneo para combater fenómenos como o exceso de explotación dos recursos ou a práctica dos pavillóns de conveniencia. Estímase que a CE debería participar en tódalas ORP existentes ou que no futuro se constitúan, promovendo, así mesmo, novas organizacións de interese para a súa flota. Neste sentido, a futura PCP tería que apostar claramente polas ORP, mellorando a participación da CE nelas, introducindo as súas preocupacións medioambientais e de pesca responsable, incrementando a súa contribución económica e facilitando que as normas que adopten sexan rapidamente aplicables no Ordenamento xurídico comunitario.

5. No estado actual do desenvolvemento do Dereito comunitario, correspóndelle á CE, que posúe competencias exclusivas na materia, a participación en tales ORP, e á Comisión representala nos órganos destas e executa-las medidas de inspección e control adoptadas por estes. O **principio de atribución de competencias**, a súa natureza exclusiva neste ámbito, as obrigacións que asume a CE, en virtude do artigo 107 da Convención de 1982, imposibilitan calquera devolución de competencias na materia ós Estados membros.

6. Isto non oculta a existencia de problemas derivados da presenza da CE nestas organizacións, en concreto, o relacionado coa preparación da defensa dos intereses comunitarios e o da votación no seo destas. En relación coa primeira dificultade, é notorio que a Comisión carece dos medios humanos e materiais necesarios para facerse eficazmente cargo de tal defensa, de modo que, unha revisión da PCP atenta ó **principio de suficiencia de medios** debería ir na liña de fortalece-los equi-

²⁴ Este estado de cousas levou á Comunidade a enfrontarse a Canadá, con ocasión dos incidentes de 1995 en relación co buque de pavillón español “Estai”, e máis recentemente con Chile en relación coa pesca en augas do Pacífico máis alá da ZEE deste Estado, o chamado conflito do “peixe espada”, que foi levado ante a OMC e a demanda de Chile ante unha Sala do Tribunal Internacional do Mar, suspendéndose ámbolos procedementos tralo acordo acadado o 25 de xaneiro de 2001.

pos de preparación e negociación comunitaria nestes foros internacionais, o que debería ir acompañado dunhas orientacións políticas claras. É dicir, cada ano o Consello debería establecer as liñas mestras da posición negociadora comunitaria no seo das ORP e a Comisión defendelas en coordinación constante co sector pesqueiro afectado.

7. Polo que se refire ó segundo dos problemas enunciados, este non se eliminaría coa ponderación de votos, facendo que o voto da CE valera máis có do resto dos Estados membros das ORP, pois iso sería dificilmente aceptable por eles, senón que o fortalecemento da presenza da CE debería ir cara ó recoñecemento de que tralo voto desta se esconde o poderío económico, comercial e político da UE e, neste sentido, estímase que a futura PCP tería que, inspirada no **principio de coherencia da acción exterior** e no **principio de articulación das políticas comunitarias**, deixar claramente expresado fronte ós terceiros Estados que o voto comunitario nestes foros é o voto da primeira potencia comercial do mundo, co que iso significa á hora das negociacións e das alianzas que preceden ás votacións.

8. No presente documento deféndese, ademais, que a CE debería liderar nas ORP unhas políticas destinadas a frear os abusos das flotas de bandeira de conveniencia e de moitos países que compiten deslealmente incumprindo a normativa destas. Así mesmo, propúgnase que esta actuación se complete, desde a perspectiva dos **principios de articulación das políticas comunitarias e de desenvolvemento sostible**, con medidas de orde interna destinadas a controla-lo desembarque de produtos pesqueiros de terceiros países en portos comunitarios, esixíndose que se acheguen probas de realizar pesca legal e responsable nas pesqueiras onde desenvolven a súa actividade.

C) OS PRINCIPIOS DA UE E A POLÍTICA DE ESTRUCTURAS PESQUEIRAS E O EMPREGO.

1. Un dos problemas máis importantes ós que se enfrenta a PCP é o do desequilibrio existente entre flotas e recursos. De maneira que se esta política contribuíu á modernización do aparato productivo da pesca, fracasou, en cambio, en conseguir adapta-la capacidade da flota á dispoñibilidade e sostibilidade dos recursos. Por outro lado, a modernización dos buques e as artes de pesca e os avances tecnolóxicos trouxo como consecuencia un aumento do esforzo pesqueiro, que non se viu compensado coas porcentaxes de redución da flota, tal e como se advirte no Libro verde da Comisión.

2. O instrumento utilizado para facer fronte ós problemas estruturais derivados da sobrecapacidade da flota foron os Plans de Orientación Plurianual (POP), a través dos cales a Comunidade fixa por períodos plurianuais a evolución da flota en relación coas posibilidades de pesca e o estado dos recursos. En relación con isto, existe unha opinión xeneralizada, segundo a cal ata agora a PCP non está fomentando o cumprimento dos POP nin sancionando o seu incumprimento, e que algúns Estados membros non se axustan escrupulosamente ás obrigacións establecidas neles.

3. Fronte a esta situación, cómpre que a futura PCP faga fincapé na estricta aplicación dos POP por tódolos Estados membros afectados, e se inclúan mecanismos de sanción para aqueles países incumpridores. Neste sentido, e sobre a base do **principio de cooperación leal**, sería necesario que os Estados membros aceptaran medidas máis estrictas de control e execución e sancións máis rigorosas en caso de incumprimento. Por outro lado, a futura PCP, debería incluír medidas e sistemas en relación con isto que, inspiradas no **principio de transparencia**, foran claras e sinxelas.

4. Como os plans de redución da flota teñen un impacto considerable sobre as rexións comunitarias cunhas poboacións locais que dependen especialmente da pesca e das actividades conexas, é imprescindible manter un sistema de apoio mediante axudas estruturais. Neste sentido, a revisión da PCP neste ámbito debería inspirarse no **principio de solidariedade**, de tal modo que a súa aplicación non provoque o incremento dos desequilibrios entre as rexións europeas, acollendo, desde a perspectiva do **principio de articulación das políticas comunitarias**, na súa definición e aplicación os obxectivos da política comunitaria de cohesión económica e social (artigo 159 CE). Isto levaría ó mantemento e mellora do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e das axudas e subvencións que non supoñan un incremento do esforzo pesqueiro, sobre todo aquelas que impliquen unha mellora nas infraestruturas existentes, nas condicións de traballo dos pescadores e na protección do medio ambiente mariño.

5. O descenso constante do emprego no sector pesqueiro en rexións dependentes da pesca é outro problema que debe ser tido en conta con ocasión da revisión da PCP, co obxectivo de mitiga-los efectos socioeconómicos derivados desta realidade. As medidas que se adopten non poden entrar en contradición cos **principios que inspiran o mercado interior único**, nin descoñece-lo **principio de solidariedade**, de maneira que a perda de emprego que toda racionalización da actividade productiva adoita implicar poida ser canalizada a outras actividades relacionadas coa pesca, de maneira que posibiliten alcanzar unha maior calidade do emprego, fomenta-lo I+D e que estas rexións gañen en riqueza global.

6. Isto esixe que se establezan medidas para axudar ós pescadores a encontrar outros empregos en actividades conexas, como a acuicultura e a transformación, e para a súa necesaria reciclaxe profesional. En relación con este punto, estímase que ámbolos sectores, a acuicultura e a transformación, poden contribuir positivamente á creación de emprego en zonas depen-

dentes da pesca e que, ademais, os dous sectores poden complementarse, ó constituí-la acuicultura unha fonte importante de materia prima para as industrias transformadoras. De aí que se afirme que a futura PCP debe completar na súa integridade e complementariedade estas actividades conexas: a actividade extractiva, a acuicultura e a transformación, así como o seu impacto sobre o contorno medioambiental, a seguridade alimentaria e a existencia doutras políticas comunitarias que, como a política comercial ou o turismo, poden verse afectadas por estas, todo desde a óptica dos **principios de desenvolvemento sostible, precaución e articulación**.

7. Por outro lado, desde a perspectiva da protección dos dereitos sociais consagrados no artigo 31 da Carta de Dereitos fundamentais da Unión Europea, do 7 de decembro de 2000, e noutros textos internacionais que, como a Carta Social Europea, forman parte dos principios xerais da UE, a futura PCP debería garantirlle a todo traballador unhas condicións de traballo que respecten a súa saúde, a súa seguridade e a súa dignidade. Neste sentido, faise imprescindible unha mellora das condicións de traballo a bordo dos buques, tanto desde o punto de vista da remuneración económica coma desde o punto de vista da habitabilidade, seguridade e hixiene.

D) OS PRINCIPIOS DA UE E A POLÍTICA DE MERCADOS PESQUEIROS.

1. Un dos obxectivos da PCP é o de estabiliza-lo mercado da pesca (artigo 33 CE), que constitúe un dos mercados pesqueiros máis importantes do mundo ó que, como é coñecido, a produción propia se mostra incapaz de abastecer, polo que precisa de importacións que supoñen a metade dos produtos consumidos, ocorrendo, ademais, algo similar no que se refire á cada vez máis importante industria europea de transformación de produtos pesqueiros.

2. Para isto estableceuse unha Organización Común do Mercado (OCM) específica para este sector, aínda que seguindo os moldes propios das OCM establecidas pola Política Agrícola Común, e unha serie de medidas relativas ás normas de comercialización, ás organizacións de produtores, ó réxime de prezos e ós intercambios con terceiros países.

3. Esta política de mercados, sustentada polo que se refire á comercialización nun sistema de prezos destinado a garantir-las rendas dos pescadores, garda, como se ve, unha gran semellanza coa que rexe no marco da agricultura, é dicir, coa existente para un mercado comunitario que como o agrícola é cativo da produción comunitaria. Agora ben, a evolución das actividades pesqueiras amosa que isto non ocorre así no sector da pesca onde, por unha parte, o mercado comunitario é tributario das importacións procedentes de terceiros Estados e, por outra, existe unha crecente mundialización dos produtos pesqueiros.

4. A dependencia dos produtos importados implica que unha política deseñada para facer fronte a pequenas oscilacións dos prezos -pero non a grandes variacións ou distorsións, resultados de importacións de terceiros países- non resulte na actualidade a máis apropiada. De aí, por unha banda, a conveniencia de ir abandonando as medidas de sostén de prezos, cambiándolas por medidas de desenvolvemento para as industrias de transformación e apoio ós proxectos de I+D que teñan como obxectivo a valoración dos produtos da pesca. E, por outra, a necesidade de garantir que os produtos procedentes de terceiros países cumpren tódolos requisitos que se lle imponen á produción comunitaria, co obxecto de evitar unha competencia desleal por parte dos produtores de terceiros países.

5. Desde o punto de vista dos intercambios con terceiros Estados, o arancel aduaneiro común garante a aplicación do **principio da preferencia comunitaria**. Sen embargo, o xogo deste é bastante relativo, dada a apertura da economía comunitaria neste sector á mundialización, a través de excepcións convencionais no marco das relacións cos países ACP ou cos países nórdicos no ámbito do EEE, ou unilaterais, mediante a incorporación destes produtos ó SPG. Agora ben, este desarme arancelario debería ser proveitoso non só para certos países, por motivos políticos, senón para todos aqueles que por motivos económicos ou de cooperación ó desenvolvemento así o xustificasen, e isto desde o prisma do **principio de coherencia da acción exterior da UE e da articulación das políticas comunitarias**.


6. Tamén, desde a perspectiva destes dous principios, a apertura do mercado comunitario debería ter en conta as preocupacións comerciais da UE, e neste sentido da propia flota comunitaria, das empresas mixtas, etc., de maneira que se esixa un trato acorde coas normas da OMC: así, o libre acceso ós portos e ós servizos portuarios dos terceiros Estados, a esixencia de reciprocidade nos intercambios, a posibilidade de establecer salvagardas no comercio dalgunhas especies sensibles, etc.

7. Non hai dúbida ningunha de que a apertura do mercado comunitario constitúe un forte atractivo para as importacións de produtos pesqueiros procedentes de flotas de pavillón de conveniencia ou que proveñen de actividades de pesca non responsable. O **principio de desenvolvemento sostible** aplicable a estas actividades esixe que a futura PCP asegure que os produtos importados cumpren con tódolos requisitos que se lle imponen á produción comunitaria e, neste sentido, que se cumpra o obxectivo de pesca responsable-comercio responsable, o que esixe un control rigoroso dos produtos pesqueiros en orixe e nos mercados.

8. Por último, desde a perspectiva do **principio de articulación das políticas comunitarias e do principio de precaución**, cómpre integra-los requisitos sanitarios e de protección dos consumidores na PCP, co obxecto de protexe-la saúde e a seguridade dos consumidores fronte ás importacións de produtos pesqueiros. En efecto, como recolle o Libro verde da Comisión, desde a óptica da saúde pública existen certos riscos derivados do comercio, a transformación ou a distribución de peixe, así como o perigo de introducir ou propagar enfermidades animais (especialmente no ámbito da acuicultura). Por iso, no presente documento, deféndese a necesidade de que a futura PCP aplique con todo rigor, para protexe-la saúde e seguridade das persoas e os animais, os requisitos sanitarios da lexislación comunitaria a tódolos produtos pesqueiros importados de terceiros países.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2002

A.4.- Acordo do Parlamento de Galicia



Proposición non de Lei do Parlamento de Galicia sobre o primeiro paquete de propostas da Comisión Europea para a reforma da PCP

A totalidade dos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia, a iniciativa do Grupo de Traballo creado en Sesión Plenaria de 28 de maio e constituído o pasado día 10 de xuño, presentan para o seu debate en Pleno a seguinte Proposición non de Lei, solicitándolle á Mesa que sexa admitida polo trámite de urxencia ó amparo do artigo 98 do Regulamento. A tramitación de urxencia está motivada polos prazos que na Unión Europea están establecidos para a aprobación da reforma da Política Común de Pesca.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar e defender ante as instancias necesarias o seguinte documento sobre a reforma da Política Común de Pesca:

A totalidade dos grupos políticos que conforman o Parlamento de Galicia, abaixo asinantes, tras examinar o primeiro paquete de propostas da Comisión Europea para a reforma da Política Común de Pesca, estimando que, de se aprobaren, afectaríanlle profundamente á economía productiva de Galicia e, nun intento de facer unha aportación constructiva ó citado proceso de reforma, desexan facer a seguinte declaración:

I

Calquera proposta de reforma da Política Común de Pesca non pode afondar na discriminación dos territorios e debe contribuír á consolidación da Unión Europea e estar de acordo cos tratados, culminando a creación do Mercado Único.

A reforma que agora se afronta non é, precisamente, de índole menor. Por unha parte, finaliza a actual Política Común de Pesca, que se basea amplamente en certas derogacións ós tratados que de ningunha maneira poden constituí-la base para a nova política. Por outra parte, a Comisión non pode ignorar que o 31 de decembro de 2002 finaliza o período transitorio do Tratado de Adhesión de España e Portugal, que lles impuña a estes estados certas restricións que agora desaparecen.

A nova PCP non pode ser unha mera continuación da anterior, senón que debe contribuír ó establecemento definitivo da normalidade e da igualdade como principios básicos que orienten o denominado Mercado Único da Pesca, que ata o de agora só existiu no referente á circulación das mercadorías, que beneficiou desde o primeiro momento ós países da Comunidade de 10. Tendo en conta que a dita liberdade non existiu para a libre circulación de persoas e bens de equipo, esta circunstancia colocou a Galicia en situación de desvantaxe competitiva durante todo o período transitorio.

Pero ademais de te-la Comisión a obriga moral e legal de presentar algo verdadeiramente novidoso, debe de prestar especial atención á forma de facelo, xa que o artigo 33.2 do Tratado CE establece que na elaboración da PAC e da PCP “se deberán ter en conta:

- a) as características especiais da actividade agrícola (pesqueira), que resultan da estrutura social da agricultura (pesca) e das desigualdades estruturais e naturais entre as distintas rexións agrícolas (pesqueiras);
- b) a necesidade de efectuar gradualmente as oportunas adaptacións.

O Parlamento de Galicia considera que a nova PCP non pode consistir nunha mera modificación ou prórroga da PCP actual senón que debe consistir nunha nova reformulación, e por iso a Comisión non pode toma-la liberdade de actuar á lixeira, senón que debe ser especialmente escrupulosa, buscando non só a coherencia coa Política ambiental, senón co resto das Políticas Comunitarias e, de maneira especial, coas Políticas de Cohesión e Social.

II

A proposta actual realizouse de maneira incompleta, precipitada e utilizando bases xurídicas e técnicas confusas, o que invalida seriamente a proposta actual desde o punto de vista xurídico.

O paquete de medidas proposto pola Comisión para a reforma da PCP é inaceptable por moitas razóns, pero unha das máis importantes é que carece dunha análise global previa sobre o impacto social e económico que causarí a súa aplicación. Calquera proposta de reforma, especialmente se é da transcendencia da que nos ocupa, debe estar precedida dunha medición exhaustiva, obxectiva e seria das súas repercusións, de maneira que se poida valorar obxectivamente, a priori, se as consecuencias xustifican ou non a severidade das medidas propostas.

Existen fundadas razóns para crer que a Comisión actuou cunha certa precipitación ó presentar esta proposta, xa que a forma en que se procedeu parecería indicar que primou a preza por presentar unha proposta en prazo a custa do rigor científico, técnico e xurídico. Só así se explican as cifras, ó parecer incorrectamente fundadas, segundo a propia Comisión, nas que se basearon os seus servizos para estima-la incidencia orzamentaria da proposta.

Iso podería levar a considerar que se produciu un vicio de forma, xa que é obvio que o Colexio de Comisarios non foi adecuadamente informado polos servizos no momento de adoptar esta decisión. A Comisión debería analizar tódolos elementos da nova PCP nun marco integral e coherente, que teña en conta os aspectos sectoriais máis relevantes e os efectos da globalización dos mercados dos produtos pesqueiros.

Pode haber un vicio de forma máis relevante na presentación da proposta, ó non ser ofrecida dunha forma global. Ó chegar cada documento illado do resto, impídese avaliar se as posibles medidas alternativas serían capaces de absorber, na mesma medida, o desemprego ocasionado.

O Parlamento Galego estima, por tanto, que ata que non se dispoña dos datos adecuados, da totalidade das propostas e da análise de impacto socioeconómico da dita proposta, así como do informe sobre a situación socioeconómica das rexións pesqueiras europeas que debería ter precedido a esta proposta, non se debería proceder á toma en consideración dela.

III

Os obxectivos da actual reforma non poden poñer en cuestión a adecuación da actual PCP á Política da Competencia, nin poden perseguir como fin presuntas e infundadas alteracións da competencia no sector pesqueiro da actual política de estruturas

Existe abundante xurisprudencia que determina que as manifestacións dos membros do Colexio de Comisarios ou dos seus portavoces constitúen a postura oficial da Comisión.

O titular da carteira de Pesca realizou manifestacións públicas nas que afirmou que a pretendida reforma corraxirá as distorsións á competencia producidas polo actual réxime de subvencións, especialmente na área das novas construcións. Parece ignorarse o feito de que estas axudas teñen o seu fundamento precisamente na corrección de desvantaxes competitivas das rexións menos desenvolvidas, como é o caso de Galicia e, de feito, o seu papel nunca foi cuestionado pola Comisión.

Isto pode ser considerado como un dos fins desta reforma, sen que o Colexio de Comisarios tivese acceso ás razóns polas que o titular de Pesca puidese considerar que isto é tamén un dos fins da reforma, acrecentando as dúbidas sobre o grao de información do Colexio no momento de adopta-la proposta de reforma.

O Parlamento galego estima que non existe ningunha base para xustifica-lo aparente desexo da Comisión de suprimirlas axudas ás novas construcións de buques, baseándose en consideracións sobre posibles distorsións no ámbito da Política da Competencia, que nunca terían sido substanciadas pola correspondente análise.

IV

A proposta actual non é aceptable por non ter en conta o impacto socioeconómico das medidas propostas, recoñecido explicitamente nos documentos que presenta a Comisión, que di ignora-lo efecto que as ditas medidas poidan ter

Os propios autores da proposta admiten explicitamente no documento que esta condición non se cumpriu, recoñecendo, polo tanto, ignoraren as súas consecuencias en termos sociais e económicos. Tecnicamente, esta carencia invalida a proposta, e politicamente desprovea de credibilidade.

Así, cuantifícase o desemprego xerado por esta proposta en 28.000 postos de traballo en toda a flota europea, sen explicar cómo se chegou a esta cifra, pero ademais non se cuantifica o posible emprego alternativo que outras medidas poidan crear. De se aplica-la proposta, así formulada, sería un perigoso salto no baleiro.

De feito, no parágrafo 2 do capítulo I da proposta de Regulamento de conservación afirmase: “Non obstante, nesta proposta non se profunda nos asuntos relacionados coa política estrutural que non sexan as medidas que lle afectan á flota, á acuicultura, ós mercados e ás relacións internacionais. Estes temas incluíranse máis adiante en novas iniciativas da Comisión con motivo da reforma (acuicultura e relacións internacionais) ou son obxecto xa de normas comunitarias que, en opinión da Comisión, non convén revisar neste momento (a organización común de mercados e dos produtos da pesca e as medidas estruturais que non atinxen á flota)”.

É así mesmo incoherente afirmar, como se fai na proposta, que o sector pesqueiro na Comunidade se caracteriza pola súa fragilidade económica, baixa rendibilidade e perda constante de emprego, e propor, como fai a proposta da Comisión, que para o solucionar se reduzan sensiblemente as axudas estruturais que máis poderían contribuír a resolver esta situación.

A única xustificación que se fai para elimina-las axudas públicas ó sector pesqueiro atópase nunha exígua frase, referente a unha hipotética e non documentada suposición de que os prezos aumentarán debido á escaseza de peixe. Semellante absurdo económico non é tolerable nun documento elaborado pola Institución Gardiana dos Tratados: tampouco non é tolerable que

a Comisión ignore o papel corrector das importacións, que faría con toda seguridade que o dito pronóstico non se cumprise.

Todo o contrario, faise aínda máis necesaria que nunca a introducción de axudas de tipo social na pesca, seguindo obxectivos similares ós presentados no sector agrario, coas medidas de promoción do desenvolvemento rural.

Entendemos, en definitiva, que desde o punto de vista dos efectos económico-sociais a proposta contravén tres condicións básicas:

1. Estar precedida dunha avaliación exhaustiva das súas consecuencias.
2. Respecta-las medidas estruturais programadas ata 2006.
3. Respecta-lo principio de gradualidade previsto nos tratados; por iso estimamos que toda medida que implique unha taxa anual de destrución de emprego debe ir acompañada doutra que xere emprego nunha taxa anual equivalente.

O Parlamento de Galicia entende que unha medida que entraña efectos evidentemente negativos ten que se ver necesariamente acompañada de medidas positivas como corrección, condición que a proposta non cumpre. Ademais, ó actuar desta maneira, é imposible que o Colexio de Comisarios puidese apreciar-lo verdadeiro alcance do que propón, algo que non estará en condicións de facer ningunha outra institución nin organismo comunitario.

V

A renovación da flota é absolutamente necesaria como medida de renovación de equipos, de estímulo á investigación, de desenvolvemento e innovación neles, e como medida esencial de mellora da seguridade e habitabilidade a bordo

A proposta da Comisión falta á necesaria coherencia cando aposta pola eliminación de axudas á renovación e modernización de buques pesqueiros, á vez que recoñece a debilidade estrutural dalgunhas flotas.

Ademais, é incoherente co compromiso ineludible que toda Administración pesqueira responsable debe asumir en materia de seguridade do traballo a bordo. Se se impiden as axudas á renovación da flota, ninguén estará en condicións de garantir-la seguridade dos buques, un aspecto demasiado serio como para quedar reducido a determinados “retoques”, tal e como propón a Comisión.

A renovación da flota ten unha indubidable influencia directa sobre a seguridade do traballo pesqueiro, pero ademais ofrece tamén grandes posibilidades para o desenvolvemento da innovación tecnolóxica, na que o sector da construción naval está a afrontar proxectos de grande interese. Impedi-las axudas á modernización da flota sería en boa medida pecha-las portas á innovación tecnolóxica neste ámbito.

Existen poderosos argumentos a favor da continuación das axudas para a renovación e a modernización da flota, como son os relacionados coa seguridade no traballo: aínda existen cubertas de traballo desprotexidas, maquinillas de pesca obsoletas e carentes de proteccións, carencia de parques de pesca onde selecciona-lo peixe, etc., deficiencias que producen accidentes de traballo.

Tamén existen razóns relacionadas coa calidade de vida: camarotes, servicios hixiénicos, habitabilidade, aire acondicionado, auga doce sen restricións, etc. que son factores que actúan sobre o descanso dos tripulantes, tendo en conta que a fatiga é un dos factores que máis inflúe nos accidentes de traballo.

Hai outros factores que teñen máis incidencia na flota artesanal, como son os relacionados coa calidade do peixe: necesidade de instalación de neveiras para almacenaxe das capturas, limitada capacidade de xerar enerxía eléctrica, etc., e coa resistencia do barco ás avarías: mamparos estancos, reserva de flotabilidade, sistemas contraincendios, ausencia de bombas de achique manuais.

Accidentes de distinta natureza están directamente relacionados coas condicións do lugar de traballo: cubertas esvaradías, mala iluminación, maquinillas de pesca antigas, cubertas desprotexidas, etc.

A única forma rendible de solucionar esta situación é a través da modernización/renovación, sobre todo se se ten en

conta a deficiente habitabilidade destes barcos antigos, que fai que a calidade de vida dos mariñeiros sexa escasa, que des-cansen mal e que, polo tanto, sexan candidatos a ter un accidente.

A falta de calidade de vida e de condicións de seguridade a bordo inflúe decisivamente para que a xente nova evite vivir ou traballar nesas condicións, refugando embarcar, e correndo o risco de que non se produza relevo xeracional na pesca.

As limitacións dun barco vello para se adaptar ós sistemas de preservación da calidade do peixe, por falta de espazo e por falta de capacidade do sistema de produción de enerxía eléctrica, que non foi deseñado para ese maior consumo, constitúen outro argumento de peso a favor das medidas de renovación da flota. Estes barcos son en ocasións tan vellos e tan pequenos, que é imposible realizar moitas das obras necesarias para pescar en condicións óptimas, e para que as capturas teñan a calidade que o mercado reclama.

As condicións de seguridade e habitabilidade a bordo aféctanlle especialmente á flota artesanal, porque:

- necesita imperiosamente renovarse,
- se trata de empresas familiares, limitadas financeiramente,
- se se deixan no estado actual a mercé das forzas de mercado, serán substituídas ó final por grandes empresas, debilitando as economías de innumerables núcleos de poboación.
- os ditos incentivos requiren un escenario a longo prazo, para que o sector artesanal se faga forte e competitivo.

Na flota de menos de 12 metros de eslora apréciase que as cifras de sinistralidade con resultado de defunción por accidente marítimo son moi superiores ás de accidentes de traballo (62.5 % contra 37.5%) e algo similar pasa nos de eslora entre 12 e 24 metros (66.7 % contra 33.3 %) excluindo infartos.

Nos ditos segmentos de flota a antigüidade dos barcos fai que o seu deseño teña limitacións no seu nivel de resistencia ás avarías (carencias de mamparos estancos e de reservas de flotabilidade, así como de bombas de achique manuais, altura da borda insuficiente para impedi-lo home á auga), así como deficiencias de estabilidade debido a que co paso do tempo se usan con artes de pesca para as que non foron deseñados.

O Parlamento de Galicia estima que as axudas á renovación da flota teñen que se manter non só por seren medidas de corrección de desequilibrios rexionais, senón por contribuíren á transformación da flota pesqueira comunitaria nun sector moderno, seguro e competitivo, defende-la seguranza da vida humana no mar, e as condicións de traballo a bordo das embarcacións. Ademais, só mantendo as axudas á modernización se garante que se poida incorporar nos buques a tecnoloxía necesaria para as medidas de telecontrol, que propón a propia Comisión.

VI

A Comisión non debería forzar a ningún Estado membro a reprograma-los seus marcos comunitarios de apoio como se pretende facer a través da proposta que presenta agora

A través da proposta preténdense suprimir algunhas das accións que poden ser financiadas con cargo ó IFOP, en concreto a renovación e modernización da flota, as sociedades mixtas e a exportación de buques, o que comportaría unha modificación do marco comunitario de apoio que ten unha vixencia de sete anos.

O único que podería xustifica-la dita reprogramación sería que se producisen cambios importantes na situación social e económica ou no mercado de traballo, tales que xustificasen unha modificación do marco comunitario de apoio, o que non é o caso no sector pesqueiro nin está xustificada pola Comisión de maneira obxectiva.

Tendo en conta que tanto o sector productivo como as administracións competentes xa teñen deseñadas as súas estratexias e os seus obxectivos, con base nas liñas financeiras do IFOP, previstas para o período 2000-2006, calquera modificación substancial comprometería seriamente o futuro de moitas empresas, defraudando así as súas lexítimas expectativas, e colocaría as administracións pesqueiras nunha situación difícil, cun cambio tan radical das súas previsións orzamentarias.

O Parlamento de Galicia considera inaceptable a dita proposta de reprogramación, por entender que a modificación da actual programación dos fondos IFOP (2000-2006) atenta contra os principios básicos de solidariedade e cohesión social e dificulta o obxectivo comunitario de corrección de desvantaxes. É, polo tanto, incerto o argumento manexado con lixeiros polos servizos da Comisión sobre as posibles alteracións da competencia que se poden producir en virtude destas axu-

das. Tampouco non é nin xurídica, nin socialmente admisible a modificación dos obxectivos da política de cohesión, a través dun Regulamento sectorial.

VII

Galicia é a rexión europea máis dependente da pesca e debe ser declarada oficialmente como tal, xa que se trata dunha situación de feito e de dereito que a Comisión está obrigada a recoñecer en tódalas súas accións

Non debería ser necesario entrar a debater este concepto no marco da actual reforma, xa que a dependencia de Galicia da pesca é indiscutible económica e xuridicamente. Ó remata-lo período transitorio previsto no Tratado de Adhesión, o Estado español e Portugal pasan a se integraren plenamente no acervo comunitario, e un dos conceptos básicos á hora de proceder ás reparticións das posibilidades de pesca, de acordo co chamado principio de estabilidade relativa, é o de dependencia da pesca.

As recentes manifestacións públicas do titular da carteira de Pesca do Colexio de Comisarios, suponse que falando en nome deste, afirmando que o dito criterio só se aplicaría ás rexións do obxectivo número 2 e non a Galicia por ser do obxectivo número 1, constitúen un serio erro xurídico de apreciación que non se pode pasar por alto.

Tales afirmacións, que parecen ignorar que a política de reforma dos fondos estruturais é posterior á PCP e que o dito vínculo nunca se fixo nin formal nin informalmente en ningún documento, á parte de erróneas, poderían ser interpretadas como un intento de buscar unha solución política ás reparticións de posibilidades pesqueiras tralo ano 2002, a base de despoñer Galicia duns dereitos que indubidablemente ten.

Base xurídica comunitaria do concepto

Desde as orixes da PCP son patentes, nos diferentes textos xurídicos comunitarios, os sinais dunha preocupación por mitiga-las posibles consecuencias negativas da aplicación desta política ás poboacións e rexións especialmente dependentes da pesca.

Así, en primeiro lugar, xa no terceiro considerando do Regulamento CEE 2141/1970 do Consello, do 20 de outubro de 1970, relativo ó establecemento dunha política común de estruturas no sector da pesca, previuse o establecemento de determinadas excepcións a favor das poboacións locais, das que a actividade dependese estreitamente da pesca. Nesta mesma liña, o réxime establecido no Regulamento CEE 2142/1970 do Consello, de outubro de 1970, relativo á organización común do mercado no sector dos produtos da pesca (considerando segundo), parte da consideración de que a pesca ten unha importancia particular na economía de certas rexións costeiras da Comunidade e de que esta actividade representa unha parte substancial da renda dos pescadores desas rexións.

Así mesmo, na Acta de Adhesión de Irlanda, Reino Unido e Dinamarca de 1972 (artigos 100 e 101) distínguese entre a protección xeneralizada que se lles ofrece ás poboacións costeiras grazas á extensión das augas reservadas ata as 6 millas, da protección especial que merecen certas rexións especialmente dependentes da pesca, ó se permitir unha extensión maior ata as 12 millas.

Por outro lado, no anexo VII da Resolución da Haia de 1976, o Consello, lembrando que existen certas rexións na CE con poboacións dependentes en gran medida da pesca, advertiu expresamente que na aplicación da PCP se deben ter en conta as necesidades vitais desas poboacións.

Por primeira vez, na Declaración do Consello, do 30 de maio de 1980, relativa á PCP, esta institución comunitaria estableceu que a dita política debía estar baseada, entre outros criterios, sobre unha distribución equitativa de capturas. E, ó mesmo tempo, determinou expresamente os parámetros que hai que ter en conta no dito reparto: as actividades de pesca tradicionais, as necesidades especiais das rexións das que as poboacións sexan particularmente dependentes da pesca, e a perda do potencial de captura en augas de terceiros estados. Estes criterios plasmáronse efectivamente, no marco da primeira repartición de capturas, no Regulamento 172/1983 do Consello, do 25 de xaneiro de 1983, polo que se fixan os TAC para 1982.

Nos sucesivos regulamentos de base da PCP -Regulamentos CEE 170/1983 do Consello, do 25 de xaneiro de 1983, polo que se constitúe un réxime comunitario de conservación e de xestión dos recursos da pesca, e Regulamento CE:3760/1992 do Consello, do 20 de decembro de 1992, polo que se establece un réxime comunitario da pesca e a acuicultura- mantívose expresamente a esixencia de preservar-las necesidades particulares das rexións das que as poboacións locais dependan esencialmente da pesca e das industrias afíns.

A Comisión, no Libro Verde de marzo de 2001, e nas propostas regulamentarias de 2002, relativas á revisión da PCP, volve insistir sobre esta noción.

Aplicación do concepto na Unión Europea

O concepto de rexión altamente dependente da pesca foi aplicado en diversos ámbitos materiais da integración europea relacionados co sector pesqueiro. Así, por exemplo, foi utilizado para o establecemento de áreas marítimas reservadas. Como xa sinalamos, este concepto permitiu a prolongación das áreas reservadas á pesca polo Estado costeiro ata as 12 millas.

Por outro lado, e entre outros ámbitos, esta noción tamén foi aplicada para a concesión de fondos comunitarios. Este concepto foi un dos parámetros tidos en conta na definición da estratexia de repartición de axudas comunitarias dentro dos fondos IFOP, dos POP, e da iniciativa PESCA. Mesmo foi, precisamente neste contexto, onde se avanzou unha posible definición desta noción. Neste sentido, a propia Comisión, no marco da iniciativa PESCA, aclarou que por zona dependente da pesca se debe entender: "un viveiro de emprego (ou un grupo de poboacións) onde a contribución do sector pesqueiro para a actividade da zona (medida en termos de emprego ou en termos de valor engadido) é tal que as dificultades deste sector dan lugar a reducións de actividade e perdas de emprego que estragan seriamente o seu tecido socio-económico". Ó mesmo tempo, o uso desta noción no contexto da iniciativa PESCA pon de relevo que "rexión altamente dependente da pesca" non se identifica exclusivamente con "rexións economicamente desfavorecidas".

Así mesmo, este concepto foi utilizado no contexto da primeira repartición de capturas entre os, entón, Estados membros, a finais dos anos setenta e comezos dos oitenta. Nun acordo político debedor da conxuntura propiciada pola adhesión de Irlanda, Reino Unido e Dinamarca, os entón Estados membros lembraron unha primeira repartición de capturas na que se favoreceron determinadas rexións que, naquel momento histórico, foron identificadas como altamente dependentes da pesca. Nació así o concepto de estabilidade relativa, co obxectivo de protexe-las ditas rexións nas sucesivas reparticións anuais de capturas.

En contraste coa aplicación dinámica que deste concepto se realiza noutros ámbitos, como nos anteriormente sinalados, no ámbito da repartición de capturas a identificación das rexións altamente dependentes da pesca mantívose estática desde os anos setenta. Pasaron desapercibidos durante estes anos factores tan relevantes para tal identificación como a adhesión de novos estados ou a evolución socioeconómica de tales rexións ou da pesca mundial. Este feito provocou durante estes anos disfuncións nos obxectivos perseguidos pola PCP, chegando a desvirtuarse a correcta aplicación do concepto de rexión altamente dependente da pesca.

As disfuncións detectadas na súa aplicación xustifican a necesidade de revisa-la institución de rexión altamente dependente da pesca, co fin de adecua-la actual situación socioeconómica das rexións europeas. E, en todo caso, impón a necesaria revisión das rexións que actualmente están incluídas e excluídas do seu campo de aplicación xa que se afasta, clara e manifestamente, desta realidade comunitaria. Con isto preténdese evitar que esta noción se converta nunha trampa na que caia o proceso dinámico da construción europea.

Adecuación da noción ó proceso de integración comunitario

Desde hai anos, institucións e órganos da Unión Europea (UE) veñen pondo de relevo a necesidade de proceder a unha nova caracterización obxectiva e sistemática das rexións altamente dependentes da pesca. A evolución da UE, motivada tanto polas sucesivas ampliacións como por outro tipo de factores, modificou substancialmente a relación das rexións altamente dependentes da pesca desde que se adoptou o compromiso da Haia en 1976. Desta necesidade fíxose eco, en certa medida, a Comisión Europea que, no seu Libro Verde de 2001, pon de relevo a oportunidade de revisa-lo mapa das rexións dependentes da pesca e de levar a cabo unha definición expresa da noción de "dependencia da pesca" por parte dunha rexión costeira.

O artigo 14.2 do Regulamento 3760/1992 dispón que a Comisión, antes do 31 de decembro de 2002, presentará ó Parlamento Europeo e ó Consello un informe referido á reforma da PCP incluíndo, entre outros elementos, a situación económica e social das rexións costeiras, compromiso que a Comisión non cumpriu. En resposta a este mandato, a Comisión presentou o Libro Verde sobre o futuro da PCP. Sobre a base deste informe, o Consello deberá decidir, antes do 31 de decembro de 2002, as adaptacións que se deban realizar en relación coa dita política. Estas circunstancias brindan unha oportunidade excepcional para reflexionar sobre o alcance e contido da noción de rexión altamente dependente da pesca.

O proceso de integración europeo está presidido por unha serie de principios xurídicos que deben rexer ineludiblemente toda actividade desenvolvida polo sector pesqueiro comunitario: non discriminación, solidariedade e progresividade.

O artigo 12 do Tratado da Comunidade Europea prohíbe expresamente toda discriminación por razón de nacionalidade. A translación deste principio xurídico ó ámbito obxecto do noso estudio, implica que as rexións dependentes da pesca que

presenten condicións equivalentes, deben ser tratadas de forma igualmente equivalente. Isto significa que a exclusión dunha rexión que, como Galicia, é obxectivamente dependente da pesca do catálogo de rexións dependentes da pesca tidas en conta na repartición de capturas, constitúe unha violación do principio de non discriminación.

O artigo 1 do Tratado da Unión Europea confíalle á UE a misión de organizar, de modo coherente e solidario, as relacións entre os Estados membros, os seus pobos e rexións. A pertenza á UE non soporta, pois, para os Estados membros unicamente a obriga de aplicar de maneira íntegra e uniforme o Dereito comunitario, senón un deber máis amplo de solidariedade política e económica. Neste sentido, é necesario adapta-la noción de rexión altamente dependente da pesca ós cambios que se van producindo na realidade socio-económica das ditas rexións, de maneira que garanta a súa función na liña da aplicación do principio de solidariedade. En efecto, manter en funcionamento un criterio definido sobre uns datos de hai máis de vinte anos constitúe, claramente, unha flagrante violación do principio de solidariedade comunitaria.

O principio de progresividade revélase como consubstancial a todos e cada un dos aspectos nos que se desdobra o complexo proceso de integración europeo. A noción de rexión altamente dependente da pesca vinculada á repartición de capturas naceu nun momento histórico marcado por unha estratexia post-adhesión. Non obstante, o principio de progresividade esixe, en relación coas etapas post-adhesión, que unha vez percorrido o período transitorio necesario para adapta-las estruturas e ordenamentos xurídicos dos novos Estados membros ó acervo xurídico comunitario, tódolos Estados membros se encontren na mesma situación xurídica, e que non proceda falar de particularidades negociadas durante os períodos de adhesión. Isto significa que, adecua-la identificación das rexións dependentes da pesca á realidade actual, é unha esixencia derivada do principio de progresividade.

A conxunción destes principios fai inevitable e urxente actualiza-lo catálogo de rexións que por seren realmente dependentes da pesca merecen verse incluídas inmediatamente dentro do campo de aplicación da noción examinada. E, pola mesma razón, esixe que aquelas rexións que na actualidade deixaron evidentemente de depender directamente da pesca sexan excluídas de tal campo de aplicación.

O criterio de estabilidade relativa

A aplicación práctica vixente de tal noción baséase nunha clave estática de repartición establecida con base a:

- as capturas realizadas no período 1973-1978,
- os Estados membros da entón CEE-9.

Consideramos, pois, necesaria a revisión da dita noción en virtude dos criterios que definen a propia noción e a súa finalidade, en función das circunstancias dos actuais Estados membros e das súas zonas especialmente dependentes da pesca para garanti-la súa integración no acervo comunitario.

Unha vez finalizado o período de adhesión do Estado español e Portugal, así como o período derogatorio do principio de igualdade de acceso, a incorporación dos ditos Estados membros ó acervo comunitario implica que se lles recoñezan as posibilidades de pesca que lles corresponden para garanti-la estabilidade relativa da súa actividade pesqueira, sendo este o criterio que a Comisión propón para a futura PCP.

Agora ben, o dito criterio non se pode aplicar se previamente non se determinou cáles son as rexións dependentes da pesca e, conseguintemente, a distribución de posibilidades de pesca debería modificarse substancialmente ó considera-las necesidades de rexións moi dependentes da pesca, como Galicia, ata o de agora non consideradas na repartición orixinal de cotas.

O Parlamento de Galicia afirma que, de acordo cos criterios utilizados habitualmente na definición de rexión altamente dependente da pesca, a situación socioeconómica do sector pesqueiro galego cae dentro do campo de aplicación de rexión altamente dependente da pesca, e o feito de ser rexión especialmente dependente da pesca fai que isto teña que ser tido en conta en futuras reparticións de cotas de capturas e acceso preferente a fondos estruturais.

VIII

O Estado español gozará de igualdade de acceso desde o 1 de xaneiro de 2003, suxeito ás claves de reparto que no seu momento se determinen, de acordo co previsto nos Tratados e nos Regulamentos Comunitarios que se poidan aprobar. A definición desta igualdade de acceso non pode ser posposta, senón que ha de estar clara e en vigor no momento que se aprrobe a nova PCP

Nas propostas da Comisión non se define “igualdade de acceso”; tal circunstancia pode dar lugar a unha interpretación distorsionada do dito concepto. A igualdade de acceso deberá se-la norma de acceso básica ás ditas zonas, ó igual que ó resto de augas e recursos pesqueiros comunitarios a partir do 1 de xaneiro de 2003. As limitacións establecidas ás flotas nestas zonas non deberán facer distinción de pavillón, aínda que sí poderán limita-las capturas en función da dispoñibilidade ou non de cota das especies sometidas a TAC.

Os Regulamentos (CE) 1275/1994 e 685/1995, adoptados ó amparo do artigo 162 da Acta de Adhesión do Estado español á Comunidade Europea deixarían de estar en vigor no ano 2002 en virtude do artigo 166 da dita acta, que establece que: “O réxime definido nos artigos 156 a 164, incluídas as adaptacións que se poderán aprobar no Consello en virtude do artigo 162, seguirá sendo aplicable ata a data en que expire o período previsto no punto 3 do artigo 8 do Regulamento (CEE) número 170/1983.

Como a propia Comisión reconece na súa proposta, de acordo coas Actas de Acceso de 1985 e 1994, respectivamente, tódalas flotas dos Estados membros terán acceso a tódalas augas comunitarias de acordo con bases de non discriminación, e o acceso ós recursos a partir do 1 de xaneiro de 2003 determinarase polas claves de distribución que poida decidi-lo Consello para especies reguladas, e non terá restriccións para especies non reguladas.

As ditas claves establécense normalmente en base á actividade tradicional das flotas dos Estados membros nas mesmas augas comunitarias, pero non é admisible que a actividade tradicional española se poida fixar sobre a base dun período transitorio que foi restrictivo por razóns conxunturais. A lectura da Acta de Adhesión deixa ver, sen lugar a dúbidas, que no ano 2003 o Estado español queda en igualdade de condicións que o resto dos Estados membros en canto ó acceso a calquera zona. As restriccións ó acceso a certas áreas e especies da flota española previstas na Acta de Adhesión desaparecen, pois, a finais de 2002.

O Parlamento de Galicia estima que ten dereito a esixir que, alomenos, as claves de repartición para aquelas especies e stocks que fosen establecidos con posterioridade a 1986 sexan totalmente renegociadas de novo, estando a flota galega en igualdade de condicións que o resto, e gozando Galicia da consideración singular que lle outorga a súa condición de rexión especialmente dependente da pesca.

O Parlamento de Galicia estima que aquelas claves de repartición establecidas con posterioridade ó acordo pesqueiro entre a Comunidade de 10, deben ser reexaminadas en virtude da actividade tradicional galega nesas áreas de pesca anteriormente ó dito acordo.

IX

A flota galega debe recuperar tódolos dereitos de acceso que lle corresponden ó Estado Español na zona das 6 ás 12 millas, independentemente das medidas especiais de conservación que se poidan adoptar de forma non discriminatoria

A obrigatoriedade establecida explicitamente no proceso de revisión da PCP de decidir neste ano sobre a continuación ou derogación do dito réxime, tampouco serviu para que a Comisión presentase datos científicos acerca da efectividade do dito réxime administrativo.

En calquera caso, a pretensión da Comisión de converter, mediante un regulamento, unha excepción derogatoria temporal en permanente, non atopa sustentación no dereito comunitario.

O Parlamento de Galicia estima que a recuperación dos dereitos de acceso que o Estado español posuía é un dereito que ten que ser recoñecido.

X

Compártense os obxectivos de buscar medidas efectivas e con prazos fixos para a recuperación dos recursos, pero rexéitanse o radicalismo e a falta de sensibilidade social das medidas propostas pola Comisión, baseadas no despezo de buques e na negativa á política de renovación e modernización da flota pesqueira.

Compartímo-lo obxectivo da Comisión de conseguir un sector forte e competitivo, cunha flota eficaz e segura, e cuns recursos recuperados, iso si, nun prazo razoable e prudente de tempo. Sen embargo, rexeitamos frontalmente as propostas actuais da Comisión, porque existen outras medidas de xestión, non traumáticas, para conseguir, a medio prazo, a recuperación das poboacións de peixes.

Non entendemos por qué para reduci-lo esforzo pesqueiro se propón case exclusivamente a redución de flota mediante o desmantelamento, sen a penas presenta-la opción de introducir medidas espacio-temporais de redución da actividade. Actuando desta maneira córrese o risco de destruír flota innecesariamente e, xa que logo, postos de traballo directos e inducidos, pondo en perigo as perspectivas de desenvolvemento de países que, como Galicia, teñen na actividade pesqueira a base fundamental da súa economía.

En primeiro lugar, entendemos que é necesario argumentar con datos científicos contrastados as medidas que se pretendan adoptar no ámbito da PCP con repercusións socioeconómicas importantes, como as que implican redución de capacidades e de emprego, e facelo de forma que se poida ter unha visión global dos efectos da reforma. Non convén esquecer que se trata de regular unha actividade económica e un modo de vida de moita xente, e non de regular simplemente poboacións de peixes. A pesca é un medio de vida, non é unha reserva natural.

Cremos que as medidas de redución de esforzo pesqueiro que se considere necesario aplicar, non deben ser incompatibles –senón todo o contrario– coa pervivencia das medidas estruturais positivas de axudas á renovación e á modernización da flota, pensando, sobre todo, na incorporación de elementos de seguridade e de mellor habitabilidade a bordo, así como na introdución de novas tecnoloxías.

Reduci-las medidas sobre a flota pesqueira a unha política de desmantelamentos, imposta desde a Comisión, constitúe ademais unha aproximación moi simple ó problema de sobrepesca, pois as administracións deben orienta-la súa xestión polo principio de gradualidade, alentando a propia dinámica dos diferentes sectores da economía, e non vulnerando a tendencia que estes presenten. Esta gradualidade debe garantir que as medidas de redución de actividade propostas pola Comisión vaian acompañadas sempre de medidas de creación de emprego alternativo que compensen o emprego que se poida perder por causa das medidas de redución da actividade.

Entendemos que en todo caso a taxa (ritmo) de reestructuración da flota e a taxa de recuperación do recurso deben progresar en paralelo, pero tamén que a maior debilidade socioeconómica da flota, maior deberá se-lo prazo de recuperación dos recursos, con obxecto de evitar distorsións nocivas nas rexións especialmente dependentes da pesca.

Por outra parte, non existen garantías de que unha acción tan severa como a proposta, de redución da actividade a curto prazo a través da vía dos despezos, asegure unha recuperación dos stocks da maneira que se presume. O que si se pode augurar é un prexuízo social e económico do que custará moito reporse e, en última instancia, sempre é preferible manter un certo grao de sobreexplotación, temporal, transitoria e admisible (que non dane as expectativas de recuperación do stock) dos recursos, que condenar ó sector á súa desaparición. Sen dúbida, é posible conseguilo obxectivo de recuperación dos recursos aplicando unhas medidas de xestión viables e asumibles, económica e socialmente.

Consideramos que existe un excesivo afán de intervencionismo por parte da Comisión sobre as posibles accións de intervención estrutural dos Estados membros e dos territorios que, como Galicia, contan con capacidade política e lexislativa para a ordenación do sector pesqueiro (artigo 10.3 da proposta de Regulamento de conservación). Podemos coincidir na necesidade de emprender accións de adecuación da capacidade e que se estableza un nivel de referencia, sen embargo débelle dar liberdade ós Estados membros para alcanza-los ditos obxectivos segundo a metodoloxía que mellor considere cada Administración.

As administracións estatais, rexionais e locais teñen unha percepción máis atinada que a Comisión sobre as consecuencias socioeconómicas que comporta a xestión pesqueira; polo tanto, as súas achegas deben ser tidas en conta para estes efectos.

Noutra orde de cousas, constitúe un erro de partida nos plans de recuperación propostos pola Comisión considerar

algunhas das especies afectadas de maneira independente, cando forman parte de stocks multiespecíficos. Por outra parte, non se prevé a necesidade de introducir instrumentos de xestión alternativos, cando estes achegarian solucións á situación desas especies.

Neste sentido, é positiva a proposta de abri-la posibilidade á limitación do esforzo pesqueiro como ferramenta de control, o que solucionaríase os problemas dos stocks multiespecíficos, pero nese caso non se debería aplicar ademais unha medida de control a través de cotas de capturas. Hai que optar por un dos dous sistemas, sendo máis realista e práctica a regulación de esforzo, que solucionaríase, entre outros, os problemas de descartes.

O Parlamento de Galicia avoga por unha política de recuperación dos recursos, pero os prazos de recuperación deben estar suxeitos a un ritmo que sexa firme pero asumible para as colectividadeas que dependen deles, adoptando para a consecución deste obxectivo medidas técnicas para a redución do esforzo pesqueiro, que en todo caso deben contar con fundamentación científica solvente.

Considera que, unha vez fixados os obxectivos, se lles debe deixar liberdade ás autoridades pesqueiras rexionais sobre o mellor método e maneira para o alcanzar; por estaren en mellor posición que a Comisión para apreciar os problemas inmediatos do sector pesqueiro. Débense manter tódalas medidas previstas no actual IFOP e adoptar novas medidas de apoio social.

O Parlamento de Galicia é partidario de regular as pesqueiras mediante o control de esforzo pesqueiro, o que evitaría o problema dos descartes, pero nese caso non se debe impor, ademais, un réxime de cotas de capturas.

XI

A renacionalización da Política Común de Pesca que propón a Comisión mediante a devolución de poderes ós Estados membros é negativa e contraria ó proceso de construción europea e contradictoria co mesmo concepto de Política Común.

Resulta difícil de comprender que sexa a propia Comisión a que propoña un certo grao de renacionalización da Política Común de Pesca ó lles outorgar certos poderes ós Estados membros para que adopten medidas chamadas “de urxencia”, ante unha hipotética ameaza grave que nunca se deu na práctica.

En calquera caso, para poder apreciar plenamente o significado da dita proposta cremos necesario que esta estableza unha definición perfectamente delimitada do que se debe entender por “ameaza grave”, así como especificar claramente en qué poderían consistir as “medidas de urxencia”, que poderían tomar unilateralmente os Estados membros ribeiregos así como a Comisión.

Non obstante, un procedemento de urxencia de tales características podería derivar nun caos na xestión pesqueira comunitaria se non se estipulan convenientemente as características das situacións que poden dar lugar a que as ditas accións se convertan en medidas de xestión habituais.

Particularmente, rexeitámo-la delegación de competencias que propón a Comisión, baseadas en xustificacións de interese exclusivo dun Estado membro, tanto baseadas en pretendidas necesidades locais de xestión no interior da franxa das 6-12 millas aplicables a barcos, calquera que sexa o seu pavillón, coma en pretendidas situacións de emerxencia, sen definir previamente a qué tipo de urxencias se refire.

Non hai xustificación lóxica para establecer-lo complicado sistema da proposta de regulamento cando o dito proceso se podería resumir á solicitude do Estado membro concernido á Comisión para que actúen coordinadamente na adopción deste tipo de medidas.

A adopción de medidas de xestión desde o ámbito comunitario é, ademais, a única garantía de neutralidade para os pescadores non orixinarios do Estado membro concernido, e xa existe un procedemento que lle permite actuar á Comisión nestes casos.

O Parlamento de Galicia entende que o procedemento de urxencia proposto é improcedente, pois non hai precedentes de tales casos, e en circunstancias semellantes como as orixinadas por verteduras ou catástrofes ecolóxicas en

xeral, as accións subseguintes poden ser adoptadas pola Comisión en coordinación cos EEMM. A proposta da Comisión vai na dirección de “menos Europa para a pesca” cando o desexable e lóxico é adopta-la dirección oposta de “máis Europa para a pesca”.

XII

Non é desexable a ampliación dos poderes decisorios da Comisión na fixación de TAC e cotas anuais de capturas

No artigo 6, apartado 1 da proposta de Regulamento de conservación establécese unha delegación de competencias do Consello á Comisión “Respecto das poboacións para as que se adoptase un plan de xestión plurianual, o Consello decidirá os límites das capturas ou do esforzo pesqueiro, así como as condicións asociadas a eses límites, para a primeira campaña de pesca incluída no plan. Nas campañas seguintes, os límites de capturas ou do esforzo decidiraos a Comisión...”

A dita delegación supón un cambio substancial no proceso de decisión comunitario, e consideramos que a adopción dunha modificación de tal transcendencia debe ser obxecto dun consenso amplo no seo do Consello.

O Parlamento de Galicia oponse á ampliación dos poderes decisorios da Comisión no que a TAC e cotas anuais se refire, habida especial conta da nula sensibilidade social e política que mostrou a Comisión tanto na súa proposta coma no proceso de elaboración, e considera que os intereses dos administrados están mellor e máis democraticamente salvagardados no Consello de Ministros.

XIII

Os comités rexionais de pesca constitúen un custo e unha complicación burocrática innecesaria, que tende a suplanta-los mecanismos lexítimos de representación que as constitucións dos Estados membros se outorgan

Tales comités introducen distorsións que modificarían toda a estrutura decisoria comunitaria ó interferiren nas funcións de órganos como o Comité de Rexións, o Comité Económico e Social, o Comité Consultivo da Pesca ou os diferentes comités científicos, que si están recollidos na “comitología”.

A proposta de creación de Consellos Consultivos Rexionais, ACR, é un despropósito, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico.

A rexionalización é, quizais, un concepto útil para nos organiza-los humanos, pero completamente alleo ó comportamento da dinámica de poboacións pesqueiras e, conseguintemente, desvinculado dunha xestión pesqueira racional. De feito, a causa orixinal da PCP é a necesidade de xestionar a nivel comunitario stocks únicos que non entenden de fronteiras políticas.

Se se pretende, como afirma a Comisión, asocia-los axentes pesqueiros ó proceso de decisión comunitario, na comitología xa están previstos uns comités científicos e un Comité Consultivo da Pesca e a Acuicultura, que se podería ampliar e perfeccionar nun marco de co-xestión comunitario, partindo da experiencia acumulada durante os últimos anos.

A introducción deste tipo de organismos estraños ó funcionamento comunitario suporía unha invasión de competencias e a creación de distorsións máis alá da política sectorial, que interferirían no ámbito de institucións comunitarias como o Comité Económico e Social e o Comité de Rexións. Nin que dicir ten, o lastre que suporía a dita rede na duración do proceso de decisión, á hora de adoptar normativas a nivel comunitario.

Os ACR significarían, pois, a ruptura das canles ben establecidas no proceso de decisión comunitario, coas conseguíntes implicacións e consecuencias á hora de fixa-la representatividade democrática dos compoñentes dos ditos organismos. Se a representación nos comités se realiza de modo restrictivo, o cal é inevitable por funcionalidade, podería dar lugar a unha crise institucional tendente a introducir factores de nacionalidade no ámbito de representatividade de órganos comunitarios con competencias exclusivas.

A Comisión debería xustificar cáles son as vantaxes dos ACR e cómo vai dilucida-la representatividade dentro destes

órganos; cómo se van financiar; a qué tipo de control e avaliación van estar sometidos, e qué procedemento ten previsto para dirimi-la confluencia de ámbitos de actuación con institucións comunitarias como o Comité de Rexións e o Comité Económico e Social, e da comitología en xeral.

O Parlamento de Galicia oponse á introducción destes organismos alleos á práctica comunitaria, que en nada mellora o actual mecanismo de decisión e, pola contra, considera que se debe mellora-lo sistema de representación das rexións e Comunidades Autónomas no proceso decisorio da PCP.

XIV

É necesario reconducir-la proposta de tal maneira que se recoñeza e se analice o papel positivo que as empresas conxuntas tiveron tanto no mantemento do emprego comunitario coma na axuda ó desenvolvemento de terceiros países

Non compartímo-lo enfoque da proposta no que, en materia de acordos pesqueiros, prima o carácter de cooperación ó desenvolvemento, cando esta materia é obxecto doutra política comunitaria, por riba do aspecto comercial. Pensamos que deste xeito se incorre nunha apreciación negativa de fondo dos acordos, que non se corresponde coa realidade nin co mandato do Consello nesta materia.

É inxusto que non se mencione para nada a experiencia galega tanto anterior coma posterior ó ingreso do Estado español na Comunidade. É equivocado que esta figura desapareza da PCP.

Consideramos que as axudas á creación de empresas mixtas non só se deben manter, senón que se deberán reforzar. Cremos que a proposta da Comisión de eliminalas, por unha parte contradí o obxectivo de reducir flota comunitaria, e, por outra, elimina un valioso instrumento moi útil en materia de cooperación ó desenvolvemento con terceiros países. A incidencia positiva dos acordos pesqueiros e das empresas mixtas está suficientemente demostrada, tanto sobre a economía dos terceiros países en xeral, como particularmente sobre o desenvolvemento dos seus propios sectores pesqueiros.

O Parlamento de Galicia considera un erro e unha inxustiza co sector pesqueiro galego a falta de rigor que se observa na proposta da Comisión na análise dos acordos de pesca con terceiros países, e oponse a que a cooperación internacional en materia pesqueira forme parte da PCP, debendo permanecer no ámbito dos Estados membros, salvo que se vincule a unha verdadeira política exterior de pesca na que primen os intereses dos operadores comunitarios.

XV

A nova Política Común de Pesca debe considerar aspectos novidosos de xestión en liña coa liberdade de circulación e establecemento de tódolos medios de produción que prevén os tratados e que xa están en vigor na maioría dos sectores económicos. Só así se asegurará unha verdadeira competitividade da pesca europea

A Comisión deberá presentar tódolos elementos da PCP nun marco coherente, que teña en conta os aspectos máis relevantes da actividade, a estratexia comunitaria de eliminación de obstáculos á creación dun marco comunitario de competencia non discriminatorio e igualitario, o proceso de construción europea e os efectos da globalización dos mercados dos produtos pesqueiros e da acuicultura a nivel mundial.

Cremos necesario definir e xustifica-lo modelo de xestión pesqueira que se defende nas propostas da Comisión Europea, que entendemos que segue viciado porque:

- Dá continuidade ó actual sistema de xestión, sen incorporar instrumentos de xestión de mercado.

- Mantén os mesmos instrumentos de xestión -TAC e cotas distribuídas a partir dunha clave estática en función do concepto de estabilidade relativa- dos entón Estados membros da CEE-10 dos anos 80, sen ter en conta as variacións habidas desde entón.

- Aínda que se propón o seu estudio para o ano 2003, demórase sine die a aplicación de elementos alternativos de xestión baseados en incentivos económicos, como os dereitos individuais de pesca.

- Introduce plans de xestión plurianuais para os stocks sometidos a medidas de recuperación, sen que, ó noso entender, conteñan unhas mínimas garantías sobre a súa efectividade.

- Carece realmente de medidas concretas de xestión que teñan en conta o carácter eminentemente multispecífico da maior parte das pesqueiras comunitarias, que racionalizarían a explotación e reducirían os descartes.

Propónse establecer unha PCP coherente co resto das políticas comunitarias e, sen embargo, límitase a coherencia a certas políticas, entre as que non se inclúen a política económica e a comercial. Tendo en conta a dita coherencia, a proposta de reforma debería considerar necesariamente elementos esenciais constitutivos do proceso de construción europea como:

- a eliminación de obstáculos á iniciativa empresarial no ámbito comunitario,
- a non discriminación por razón de nacionalidade,
- a protección xurídica ós investimentos.

No momento actual da construción europea deberíanse introducir gradualmente mecanismos de transferencia (dereitos individuais transferibles) que permitan o intercambio de posibilidades de pesca e contribúan a eliminar progresivamente as trabas á liberdade de descarga de peixe nos portos comunitarios, así como pórle fin á proliferación de novas barreiras non arancelarias, tales como a esixencia de vínculos económicos. Todo iso sen prexuízo da exclusión destas medidas da pesca artesanal, que precisa aínda de protección especial.

O desenvolvemento de sistemas de xestión de mercado exitosos en certos segmentos pesqueiros de diversos Estados membros debería servir de aliciente para desenvolver-la dimensión empresarial comunitaria nun marco de competencia igualitario.

O desenvolvemento progresivo de sistemas de xestión de mercado permitiría, ademais, darlle unha solución definitiva á cuestión clave da reforma, que consiste en alcanzar un sistema definitivo e eficiente de distribución das posibilidades de pesca, contribuíndo á simplificación e racionalización do actual labirinto administrativo de acceso ás augas e os recursos comunitarios, que a Comisión aínda pretende manter.

O Parlamento de Galicia é favorable a calquera medida que implique a eliminación de obstáculos á liberdade de circulación de persoas, mercadorías e capitais no seo da Unión, estratexia inherente ó principio básico de non discriminación por razón de nacionalidade da construción europea, particularmente da liberdade de establecemento, na Política Común de Pesca.

XVI

A política social debe tamén conformar un dos alicerces da nova Política Común de Pesca.

Non se pode esquecer-la dureza e perigosidade que entraña esta actividade laboral, e que se manifesta de xeito ben elocuente a través da alta taxa de sinistralidade que padece este colectivo de traballadores e de traballadoras.

